

Informe de **Valor compartido**

Resumo executivo agregado da ONCE,
Fundación ONCE e Ilunion

2019

iguais








Para hoxe. Para mañá.

grupo social **ONCE**





Sumario

	Carta do Presidente	2
	1. Iguais en dereitos: Grupo Social ONCE	5
	1.1 - Unidos somos máis	
	1.2 - Xestión compartida e aberta	
	2. Iguais en emprego e formación	9
	2.1 - Datos sociais e económicos	
	2.2 - 22 empregos diarios para persoas con discapacidade entre 2010 e 2019	
	2.3 - Case 500.000 horas de formación, motor de inclusión	
	3. Iguais en aportación á sociedade	17
	3.1 - ONCE. Máis xogo responsable, máis investimento sostible	
	3.2 - Fundación ONCE. Formación, emprego, inclusión das persoas con discapacidade	
	3.3 - Illunion. Primeiro quinquenio para o liderado en economía social e a solidez	
	4. Iguais nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)	29
	4.1 - Educación de calidade (ODS número 4)	
	4.2 - Igualdade e igualdade de xénero (ODS número 5)	
	4.3 - Redución das desigualdades (ODS números 10 e 11)	
	5. Iguais no pulo cara o cumprimento da axenda 2030	41
	5.1 - Enerxía sostible; consumo responsable; acción polo planeta (ODS números 7, 12 e 13)	
	5.2 - Innovación (ODS número 9)	
	6. Iguais, sen deixar a ninguén atrás	49
	6.1 - Traballo de calidade e compromiso económico (ODS número 8)	
	6.2 - Institucións solidarias e alianzas para acadar obxectivos. (ODS números 16 e 17)	
	7. Iguais cara un futuro de sostibilidade social	61
	Un informe con fundamento	64



Carta do presidente

Querido amigo/a,

Permíteme que che dea a benvinda a este Informe de Valor Compartido 2019 do Grupo Social ONCE, que ten un compoñente moi especial. Escribo estas liñas confinado na casa, por sorte a carón da miña xente, pero ocupado e preocupado pola realidade que atravesamos no medio dunha dura pandemia non coñecida nas nosas xeracións, pero que será difícil de esquecer.

Unha realidade á que o Grupo Social ONCE, individual e colectivamente, se enfrontou co noso maior instrumento de acción en 82 anos xa de existencia: coa rotunda ilusión e a crenza firme de que isto superámolo como temos feito sempre ante a adversidade, unidos, traballando, sumando e sendo solidarios con quen máis o necesitan.

Nestas liñas reflíctese a solidez social e económica coa que o Grupo Social ONCE pechou o exercicio 2019. Visto agora, son só datos e realidades cotiás pero, sen dúbida, amosan unha situación que nos permitiu enfrontar a pandemia e os seus efectos para o noso contorno con algunhas garantías e poder estender a nosa solidariedade á cidadanía desde todas as áreas: desde ONCE, ofrecendo cobertura a máis de 72.000 persoas cegas afiliadas á Organización, especialmente aos 14.000 maiores de 60 anos que viven sos, a 7.500 estudantes cegos -que lograron finalizar os seus cursos- e a outras

realidades; desde Fundación ONCE, impulsando voluntariado social esencial neses días e mantendo o emprego e a formación como claves; ou desde Ilunion, con mil compañeiros -moitos con discapacidade- traballando eses días duros -con toda a profesionalidade do mundo- para lavar a roupa dos hospitais ou residencias de maiores, realizando a limpeza dos mesmos, ou cedendo os nosos hotéis e outros centros para enfermos e sanitarios.

Como vos dicía enriba, perante á fortaleza coa que o Coroavirus, a Covid-19, bateu na nosa sociedade, ás nosas familias, aos nosos amigos e coñecidos (para quen queremos facer chegar a nosa máis solidaria e cariñosa lembranza) presentámosvos uns datos que son só iso, datos, cifras e realidades que, porén, nos permitiron chegar até aquí e enfrontar con máis garantías como Institución os nosos retos de presente (e este do Covid-19 foi dos grandes), e tamén de futuro.

Velaí a nosa insistencia nun concepto que, aínda sen sabelo hai máis de 80 anos, os nosos maiores converteron tamén nunha razón de ser da nosa Institución e da nosa tarefa diaria: Iguais, para hoxe, para mañá, no emprego, na educación, na formación, no ocio, na cultura, no deporte e en todos os ámbitos da vida. Iguais como obxectivo para, desde a diferenza de cada un e o máximo respecto ás persoas, ser iguais en dereitos.

Nun país que se enfronta ao paro coma o máis grave dos nosos problemas, a nosa maior satisfacción é ter logrado cando menos paliar en parte os seus efectos, arrancando da inactividade no ano 2019 a un total de 11.340 persoas, das que 10.784 teñen discapacidade, mentres que 4.918 destes postos foron ocupados por mulleres. E, ademais, sumamos 935 contratos indefinidos que fixemos a axentes vendedores da ONCE, todos eles persoas con discapacidade.

Deixen que bote un pouco a vista atrás para contarlles que, no período 2010-2019, o Grupo Social ONCE impulsou un total de 78.903 postos de traballo para quen o teñen máis difícil, 78.903 historias de vida e inclusión real. Máis rotundo, se me permiten: fomos capaces de crear 22 empregos diarios para persoas con discapacidade nos últimos 10 anos, algo que nos fai sentirnos razoablemente satisfeitos.

E fixémoslo co noso esforzo directo de xeración de emprego pero, sobre todo, coa formación e educación e coa colaboración de moitas empresas e institucións que viron nas persoas con discapacidade uns cidadáns máis a quen valorar polo seu talento e a súa capacidade para traballar. Sen eles non tería sido posible.

Nós tratamos de dar exemplo e, en 2019, o Grupo Social ONCE concluíu con 72.693 traballadores, dos que un 58% temos algunha discapacidade; e máis dun 42% son mulleres. Somos o cuarto maior empregador estatal non público e, en persoas con discapacidade, o primeiro en España e no mundo. De cada 277 persoas que teñen a sorte de ter un emprego no noso país, unha traballa con nós.

E todo iso, como xa coñecen, facémolo co mellor modelo de xestión de xogo responsable que se coñece, que nos permite lograr uns ingresos que se destinan integramente a acción social. En 2019, os ingresos polas vendas de cupóns e do resto de loterías da Organización creceron un 4,4%, mentres que as vendas das nosas empresas sociais Ilunion fixérono un 5,8%, dous datos moi esperanzadores, dos que no informe poden ver máis información.

Isto permitiunos que o Grupo Social ONCE destinara en 2019 un total de 265,1 millóns de euros directos a investimento social dirixido a persoas cegas ou con outras discapacidades.

Desde ONCE, demos acollida a 3.202 persoas que perderon a vista en 2019 e témoslles facilitado unha atención personalizada, á súa medida; temos entregado 131 cans guía; ou incluído nas aulas a 7.495 alumnos cegos ou con discapacidade visual grave; Fundación ONCE aprobou 2.116 proxectos de formación, accesibilidade e emprego para persoas con discapacidade e distribuído como choiva fina 104 millóns de euros para facelo posible; e desde Ilunion temos realizado un investimento de 63,8 millóns de euros para seguir crescendo.

Pecho estas liñas xusto cando coñecemos que os vendedores e vendedoras da ONCE, os nosos 19.000 sentinelas da ilusión, volven ás rúas despois de tres meses de inactividade e confinamento; e que as nosas empresas e Fundación ONCE van retomando pouco a pouco, moi a modo, a súa tarefa. A incerteza de futuro é grande, pero o compromiso do Grupo Social ONCE e das súas xentes é aínda maior.

Sáímos ás rúas de novo cunha colección de 46,5 millóns de cupóns, un por cidadán español, para dar as grazas a todos co lema de #LallusiónPuedeConTodo. No Grupo Social ONCE sabémolo ben porque o facemos posible unha e outra vez. E volveremos reconquistar as rúas e gañarnos o futuro, para compartilo con toda a sociedade.

Miguel Carballeda Piñeiro
Presidente do Grupo Social ONCE

“Fomos capaces de crear 22 empregos diarios para persoas con discapacidade nos últimos 10 anos, algo que nos fai sentirnos razoablemente satisfeitos”



1

IGUAIS en dereitos: Grupo Social ONCE

O Grupo Social ONCE, con carácter global, ten fixadas as súas prioridades na plena inclusión e o acceso á vida independente das persoas cegas e con outra discapacidade en España e no mundo –no seu máis amplo concepto-, para o que se apoia especialmente na educación, a formación continua, o emprego e a accesibilidade. Sobre estas claves, a innovación; o traballo en equipo; a igualdade de oportunidades; o pulo ao asociacionismo relacionado coa discapacidade, co terceiro sector ou coa economía social, e a solidariedade coas persoas en risco de exclusión, sitúanse coma modos de traballo nos que poñemos todos os días o noso empeño ao berro de “Iguais”, desde o respecto á diferenza, pero coa vista posta en que todos e todas sexamos iguais en dereitos.

1.1 Unidos somos máis

Cando en 1938 un grupo de cegos españoles se uniu -e reiteramos desde xa o termo de unión-, para crear a ONCE, fíxoo co convencemento absoluto de que só coa unidade de todos e todas se podería lograr un futuro para as persoas cegas en España. Naceu entón aquela ONCE de inicios do

século XX –que quixo arrancar en 1935 e logrou en 1938- e que xa agrupaba, que xa unía, varios grupos de cegos que comezaban con rifas e sorteos.

E fixérono baixo conceptos que foron unha especie de mantra na historia da Organización moito antes incluso da súa creación e que se afianzaron ao longo do desenvolvemento destes 82 anos de traballo e esforzo: unidade para ser máis e sumar máis, e ilusión para seguir adiante. Así o demostra actualmente o selo Grupo Social ONCE, co que nos referimos agora á aportación de ONCE, Fundación ONCE e Ilunion. Unha suma que significa unión e integración, estar máis xuntos para estar máis dispostos a ser útiles á cidadanía.

O Grupo Social ONCE é o maior xerador de servizos sociais e de emprego para persoas con discapacidade de España e no mundo. Desde o seu inicio ten como propósito a plena inclusión das persoas cegas e con discapacidade baixo o principio da igualdade de oportunidades, cun modelo que aporta valor á sociedade de forma sostible, impulsor e líder da economía social e unha demostración de que rendibilidade económica e social son compatibles e, máis aínda, desexables.

Desenvolve a súa actividade a través de tres áreas de acción:



ONCE

Referente na inclusión real e a autonomía das persoas cegas ou con discapacidade visual grave en todos os ámbitos da vida. Finánciase cun modelo de xestión e comercialización de produtos de xogo responsable, baixo control público, e con reinvestimento de absolutamente todos os seus ingresos con enfoque de servizos sociais.



Fundación ONCE

Instrumento creado pola Organización en 1988 para fomentar a cooperación e inclusión social das persoas con discapacidade sobre os eixos da formación, o emprego e a accesibilidade universal.



Ilunion

Unificación de todas as iniciativas empresariais de ONCE e Fundación ONCE nun dispositivo socioeconómico líder da economía social, con presenza en cinco grandes áreas de negocio: servizos; hoteleira e hospitalaria; consultoría; sociosanitaria; e comercialización.

1.2 Xestión compartida e aberta

A ONCE está definida legalmente pola normativa estatal vixente, así como nos seus propios estatutos, como unha Corporación de Dereito Público de carácter social, é dicir, unha entidade singular da economía social que basea o seu funcionamento no principio de democracia interna, con plena participación das persoas cegas afiliadas á Organización nos

procesos electorais que dan lugar á composición dos órganos de goberno e representación da Entidade.

Esta xestión en democracia é unha característica intrínseca da ONCE que, desde 1982, permite o desenvolvemento dun modelo de prestación de servizos sociais, delegados e encargados polo Estado, dirixidos ás persoas con cegueira e deficiencias visuais graves afiliadas á ONCE.

A acción social para estas persoas cubre todas as etapas e áreas da vida, desde a infancia –onde se traballa pola inclusión educativa– até a vida adulta, favorecendo a autonomía persoal, a inclusión laboral, a accesibilidade universal e o acceso á tecnoloxía, o ocio ou actividades culturais e deportivas, entre outros servizos. Para todo iso, a Organización conta con personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e auto organización para levar a cabo a súa actividade.


Desde o 19 de xaneiro de 1982, cando se celebraron as primeiras eleccións democráticas e na súa repetición cada catro anos desde esa data, resultou a composición dos órganos de representación (Consello Xeral e Consellos Territoriais), todo iso cunha participación electoral sempre moi elevada.

Das eleccións nace o Consello Xeral, máximo órgano de goberno e representación. A súa misión é velar pola estabilidade institucional e financeira da Organización no cumprimento do seu fin social e solidario, o respecto aos dereitos humanos e a plena inclusión na sociedade das persoas cegas e/ou con outra discapacidade.

A acción que se realiza nesta dirección desde a ONCE está sometida á supervisión e o control do Estado a través do

Consello de Protectorado, que vela pola transparencia e unha correcta xestión dos recursos. Todos os ingresos teñen a finalidade da sostibilidade da Institución e o investimento en labor social.

Do Consello Xeral dependen as tres áreas executivas nas que se agrupa a actividade do Grupo Social: Dirección Xeral da ONCE (xestión de xogo responsable e prestación de servizos sociais para afiliados); Fundación ONCE (para a cooperación e inclusión social de persoas con discapacidade); e as empresas sociais agrupadas en Ilunion, líderes en economía social e unha demostración de que rendibilidade social e económica son posibles e desexables.





2

IGUAIS en emprego e formación

Para o Grupo Social ONCE, o emprego en xeral e o das persoas con discapacidade en particular, constitúese como un obxectivo, como un fin en si mesmo, non coma unha ferramenta máis para lograr algo. A inclusión laboral é o mellor instrumento para a inclusión real porque nada inclúe máis que un emprego digno que ofrece a oportunidade dunha vida independente. A Organización pon o seu empeño día a día en xerar oportunidades de vida para persoas con discapacidade a través do emprego e, así mesmo, realiza un amplo labor cara a sociedade, especialmente cara as empresas, institucións e organismos, para que o emprego para estas persoas sexa unha realidade. Avanzouse moito, pero os datos de falta de actividade por parte de persoas con discapacidade son demasiado duros, polo que segue a constituír unha aspiración pendente.

2.1 Datos sociais e económicos

O total de emprego do Grupo Social ONCE (ONCE, Fundación ONCE e Ilunion) ao peche de 2019 fixouse en

72.693 persoas, o que significa a creación directa de 1.300 postos de traballo no exercicio.

Do total, 41.945 traballadores e traballadoras (un 58%) son persoas con discapacidade, o maior empregador de España e do mundo para estas persoas. E destaca que un total de 30.661 postos de traballo son ocupados por mulleres.

Entre o cadro de persoal con discapacidade é importante salientar tamén o emprego xerado para os que teñen maiores dificultades de acceso ao mesmo: 3.433 traballadores teñen discapacidade intelectual; 3.952 postos son desenvolto por persoas con discapacidade psicosocial (anteriormente denominada enfermidade mental); e 3.357 persoas con discapacidade sensorial auditiva.

En conxunto con estes postos de traballo xerados directamente, o Grupo Social ONCE impulsou 11.340 postos de traballo grazas á xestión e intermediación de emprego, dos que 10.784 foron ocupados por persoas con discapacidade e 4.918 por mulleres.

Emprego interno por discapacidade e xénero




A	Persoas sen discapacidade	30.748	42%
B	Persoas con discapacidade	41.945	58%



A	Mulleres	30.661	42,2%
B	Homes	42.032	57,8%

Diferentes discapacidades




A	Persoas cegas afiliadas á ONCE	6.136	14,6%
B	Outra discapacidade visual	2.128	5,1%
C	Discapacidade física	22.939	54,7%
D	Discapacidade sensorial auditiva	3.357	8,0%
E	Discapacidade intelectual	3.433	8,2%
F	Discapacidade psicosocial	3.952	9,4%

Con estes datos, ao finalizar 2019, unha de cada 277 persoas que traballaban en España facíao desde o Grupo Social ONCE, dato mellor ao de 2018, cando contábamnos con unha de cada 281 persoas. O emprego do Grupo Social ONCE en España creceu en 2019 un 3,6%; mentres que o emprego do noso país en datos globais o fixo un 2,1%.



Xogos ONCE

Recadación de produtos de lotería da ONCE en 2019 e evolución (millóns de euros e % s/vendas)



Detalle do total das vendas e evolución por canle (millóns de euros)




	2018	2019
A Canle Principal (axentes vendedores)	1.959,9	2.030,4
B Canle Física Complementaria	166,4	182,5
C Canle Internet	34,6	42,4
D Total vendas de produtos de lotería	2.160,9	2.255,3

Magnitudes económicas da Fundación ONCE


Ingresos da Fundación ONCE en función da súa orixe e destino dos mesmos.

Ingresos 2019 (millóns de euros)



* Inclúe 2,8 millóns de subvencións que non son do FSE; 1,5 millóns de anulacións e reintegros de axudas; e 1,1 millóns de convenios de colaboración, doazóns, ingresos financeiros e outros.


Gastos 2019 (millóns de euros)




Magnitudes económicas de Ilunion

Evolución de vendas de Ilunion e reparto por principais compañías.

Vendas (miles de euros)



Vendas principais compañías



A	Facility Services	42,51%
B	Lavanderías	18,00%
C	Hotels	11,94%
D	Contact Center	5,71%
E	Retail	4,70%
F	Servizos Industriais	3,96%
G	Socio Sanitario	3,63%
H	Automoción	2,15%
I	Resto	7,39%

2.2 22 empregos diarios para persoas con discapacidade entre 2010 e 2019

Como temos relatado, todas as áreas do Grupo Social ONCE teñen o emprego coma un fin en si mesmo, coma a consecución dun éxito cada vez que unha persoa con discapacidade accede a un posto de traballo, coñecedores de que se trata dunha oportunidade de vida.

A ONCE constitúe en si mesma o único operador de xogo do mundo cuxos vendedores son integramente emprego propio, isto é, con traballadores por conta allea. E dese concepto de emprego inclusivo nace o motor da Organización, centrado no xogo social e responsable; que despois se apoia na xestión de Fundación ONCE e ten un exemplo destacado en Ilunion. En conxunto, unha demostración da creación de emprego como dispositivo de inclusión real e efectiva. Nada inclúe máis que un salario digno.

A pesar de situacións de dificultade e diferentes crises polas que temos atravesado na nosa historia máis recente, a Organización segue a innovar en materia de emprego e, como tal, procurando espazos de traballo para persoas con discapacidade naqueles sectores onde a man de obra é máis intensiva e necesaria, así como adaptada ás realidades e necesidades destas persoas.

E temos convertido o século XXI e esta década nunha aposta rotunda polo emprego, coa xeración acumulada de 78.903 empregos para persoas con discapacidade entre 2010 e 2019,

ben de forma directa ou apoiados nos nosos colaboradores e na nosa xestión de formación e emprego. Temos impulsado 22 empregos diarios para persoas con discapacidade cada día dos últimos dez anos, a nosa mellor carta de presentación.

Evolución do emprego impulsado para persoas con discapacidade en terceiras entidades entre 2010-2019 (número de persoas)

	Entidades			Grupo Social ONCE
	ONCE	Fundación ONCE	Ilunion	
2010	392	6.161	0	6.553
2011	409	5.435	0	5.844
2012	341	5.080	63	5.484
2013	316	6.312	132	6.760
2014	357	6.966	66	7.389
2015	351	7.079	253	7.683
2016	329	7.494	728	8.551
2017	345	8.901	328	9.574
2018	380	10.234	474	11.088
2019	373	9.159	445	9.977
Últimos 10 anos	3.593	72.821	2.489	78.903

A xeración de 22 empregos para persoas con discapacidade cada día dos últimos dez anos é un dato que resume o noso esforzo e que representa o noso maior logro porque, detrás de cada un destes números, hai unha persoa que logrou un posto de traballo digno e dado un paso de xigante cara a inclusión social.

Un paso que, ademais, xera un efecto “contaxio” cara á cidadanía e moi especialmente cara o tecido produtivo, que coñece e descubre que o talento destas persoas aporta, e moito, ás súas realidades empresariais. Todo iso, moi ligado á igualdade de oportunidades e ao cumprimento dos dereitos destas persoas.



2.3

Case 500.000 horas de formación, motor de inclusión

A formación continua foi e é, desde a orixe da ONCE, garantía de competitividade e un elemento imprescindible no desenvolvemento e profesionalización dos traballadores e traballadoras, especialmente con discapacidade. Xa nos anos 1950 do ano pasado a ONCE contaba con empresas e formación para persoas cegas, e tamén para mulleres cegas, que traballaban en fábricas de caramelos e outras, mostrando xa que a formación podía ser todo para a inclusión.

Contribúese así ao logro dos obxectivos e a sostibilidade das entidades que conforman o Grupo Social ONCE. En 2019 celebráronse 212 accións formativas con 41.259 asistencia, o que supuxo un total de 288.451 horas de formación recibidas polos traballadores só da ONCE, cun investimento de 1.593.690 €.

Pola súa banda, Ilunion lanzou os seus plans anuais, cuxas principais liñas formativas foron: coñecementos técnicos necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo; habilidades sociais e persoais para a mellora da empregabilidade, aspectos vencellados cos modelos de empresa familiarmente responsable e empresa saudable; ciberseguridade e cultura corporativa. Neste sentido, en 2019 impartíronse 195.221 horas de formación.

As horas de formación en Fundación ONCE durante o pasado 2019 ascenderon a 1.307, distribuídas en 190 accións formativas en materia de idiomas; formación técnica especializada; formación en habilidades; formación vencellada ao modelo

EFR (empresa familiarmente responsable) e á xestión da diversidade; e formación en materia de Seguridade e Saúde. Realizouse unha forte aposta pola formación relativa á transformación dixital, e leváronse a cabo varias accións comúns para Fundación ONCE e Inserta Emprego e Innovación ao longo do ano (sobre Digital Strategy e Ciberseguridade, entre outras).

E, por outro lado, continuouse a impulsar o coñecemento da Cultura Institucional de todo o Grupo Social ONCE, a través de formación e-learning dirixida a todo o cadro de persoal.





3

IGUAIS en aportación á sociedade

A ONCE é social por natureza e nace baixo o principio de que as persoas cegas ou con discapacidade sexan uns cidadáns máis e, como tales, cada individuo, primeiro, e formando unha gran familia, despois, poidan facer a súa aportación para o desenvolvemento de sociedades modernas, solidarias e inclusivas.

Atrás, moi lonxe xa, quedan os modelos de beneficencia e, desde sempre, a Organización quixo compartir a sorte da cidadanía, a seu carón, superando o concepto de clase pasiva para instalarse na inclusión e a aportación, cada cal no seu nivel.

O Grupo Social ONCE conforma así un modelo social de inclusión laboral que ten na xestión responsable de produtos de lotería e das súas empresas Ilunion os dispositivos deseñados para reinvestir en acción social todos os seus activos dispoñibles. Con iso, a ONCE dá cobertura e presta servizos sociais ás 72.231 persoas cegas ou con discapacidade visual grave afiliadas á Organización; un 3% dos ingresos procedentes da venda de produtos de lotería convértese en solidariedade co resto de persoas con

discapacidade a través da Fundación ONCE que, ademais, coxestiona e multiplica as aportacións procedentes do Fondo Social Europeo (FSE); e péchase o modelo con Ilunion, competitividade económica baseada no enfoque social.

3.1 ONCE. Máis xogo responsable, máis investimento sostible

A ONCE creouse para a cobertura social das persoas cegas e concluíu no maior modelo mundial de inclusión social de persoas con discapacidade, en xeral, sobre a base da xestión responsable dunha concesión estatal de lotería.

É por iso que a venda das loterías da ONCE leva desde sempre un dobre e indivisible significado: unha vertente social, pola que os recursos se destinan integramente á plena inclusión das persoas cegas e con discapacidade visual grave; e a vertente de xestor responsable, de operador comprometido coa sociedade e cos consumidores.



A ONCE acadou en 2019 un notable aumento dun 4,4% nos ingresos procedentes da venda de produtos de lotería, até alcanzar os 2.255 millóns de euros. Unha mellora baseada na diversificación de produtos e canles de venda, sumada á modernización da estrutura da área de xogo. E logra así un crecemento económico fundamental para levar a cabo o labor da Organización de forma sostible: máis recursos para máis e mellor emprego e para máis e mellor acción social.

Loterías responsables, corazón solidario

A ONCE sempre está pendente da responsabilidade que se deriva da súa actividade comercial e, por iso, centra especialmente o seu compromiso no xogo responsable e a protección ao consumidor. A súa preocupación levoulle a ser o primeiro operador en España en incorporar os estándares sobre Seguridade no xogo instados pola Asociación Mundial de Loterías (WLA) e a súa división europea (European Lotteries, EL), e acadar os selos que avalan os seus esixentes estándares.

A Organización adquire, ademais, unha responsabilidade coa sociedade e co mercado, que se materializa nos principios de transparencia e fiabilidade, que rexen o deseño de todos os procesos de deseño, produción, publicidade e comercialización da súa lotería, e que garanten e amparan a súa integridade en termos de seguridade e autenticidade.

A ONCE conta cun Sistema de Xestión da Seguridade da Información (SGSI) que ten como obxectivo garantir a absoluta transparencia de todos os procesos relacionados coa implantación de cada produto de xogo, desde o seu deseño, implantación, comercialización, sorteo, etcétera; e asegurar a

protección dos datos persoais e a privacidade do consumidor. O Comité de Seguridade dos sistemas de xogo da ONCE é o órgano reitor que diseña as políticas de Seguridade e que, como mostra da implicación da alta dirección, está presidido polo Director Xeral.

Este sistema de xestión (SGSI) comezou a se implantar en 2005, e un ano despois certificouse segundo a norma WLA-SCS, deseñada pola Organización Mundial de Loterías sobre unha serie de controis estandarizados que verifican a estabilidade do sistema, a súa exposición aos riscos, a eficiencia da implantación das políticas de continuidade e, por enriba de todo, preserva a integridade, a dispoñibilidade e a confidencialidade dos elementos de información concernidos. En 2009 o SGSI da ONCE sumou ademais a norma estandarizada de seguridade máis esixente, a ISO 27001. Ámbalas dúas certificacións fóronse renovando até agora e, en concreto en 2018, renovouse a certificación completa de todos os estándares de seguridade, e en 2019 realizouse unha certificación parcial como así determina a norma.

O obxectivo último desta estratexia é garantir a seguridade e a transparencia de todos os procesos asociados á comercialización dos nosos xogos, co fin de que a confianza dos consumidores, que se foi gañando durante oito décadas, siga a ser un dos atributos que nos distinguen, asegurando deste xeito os dereitos de todos os consumidores que adquiren algún dos nosos produtos.

En 2009 creouse o primeiro Plan de Responsabilidade Social Corporativa e Xestión Responsable do Xogo que, en 2015, se converte nun Programa de Xogo Responsable e chega a 2019 coa aprobación da Planificación de Actuacións en materia de

Xogo Responsable, primeiro exercicio no que se aproba tamén a Memoria anual de Actividade de Xogo Responsable.

A Política de Xogo Responsable da ONCE define os compromisos da Organización para a protección dos consumidores, actualizándose periodicamente para incorporar, por unha banda, as aprendizaxes obtidas das interaccións cos grupos de interese e, pola outra, as melloras suxeridas nas auditorías. O Comité de Xogo Responsable coordina, desenvolve e avalía o nivel de rendemento e a eficiencia das actuacións.

Desde o deseño dos produtos de lotería até a súa comercialización, pasando pola publicidade responsable, e a prohibición expresa da venda a menores de idade e a persoas que teñan prohibido xogar, a ONCE implementou controis que minimizan elementos que puidesen activar ou fomentar factores actitudinais ou comportamentais de consumo excesivo dos seus produtos de lotería. Por exemplo, a principal análise que se realiza avalía o risco de todos os produtos que son lanzados ao mercado ou modificados durante a súa comercialización, co fin de comprobar que o nivel se axusta á definición aprobada polo Comité de Xogo Responsable da ONCE.

Respecto á venda das súas loterías por internet, ofrécense aos consumidores ferramentas de control (comprobación de idade, límites voluntarios e obrigatorios, indicación de tempo xogando, exclusión voluntaria...). Ademais, en www.juegosonce.es hai unha sección específica de Xogo Responsable que contempla

“O obxectivo é garantir a seguridade e a transparencia de todos os procesos asociados á comercialización dos nosos xogos”

un test de autodiagnóstico, consellos sobre xogo, datos de contacto de FEJAR para recibir asesoramento, ferramenta de control parental e recomendacións para gozar do premio.

A estas liñas xerais de actuación en materia de Xogo Responsable, sumáronse en 2019 as seguintes accións, que concluíron co logro da Cualificación de 98,78% na auditoría global 2019 de recertificación dos estándares de European Lotteries (EL):

- **Presentación do proxecto ganador do IV Certame Internacional de Xogo Responsable da ONCE.**
- **Participación como relator no Seminario anual sobre Xogo Responsable organizado por EL e WLA.**
- **Asistencia á primeira edición do Congreso “Responsibility in Gaming”.**
- **Participación no Grupo de traballo de Xogo Responsable de European Lotteries (EL).**
- **Colaboración con FEJAR nas súas IV Xornadas de Investigación Científica “O xogo de azar na sociedade. Unha visión internacional”.**
- **Cooperación co Consello Asesor de Xogo Responsable da Dirección Xeral de Ordenación de Xogo (DGOJ).**
- **Formación en Xogo Responsable para empregados (especialmente axentes vendedores) e instrución tamén a futuros xestores de servizos sociais (Iniciativa Proxecta) e membros da Canle Física Complementaria (CFC).**
- **Publicación en revistas internas de artigos para empregados e envío de mensaxes por TPV tanto a axentes vendedores como a CFC neste sentido.**

- **Todos os produtos foron testados pola ferramenta de valoración de riscos acadando un nivel de 1,68 (carteira de produtos de nivel de risco aceptable).**
- **Auditoría externa sobre a web www.juegosonce.es cos parámetros da sección do estándar de Xogo Responsable de EL, co resultado do 99,5%.**
- **Obrigatoriedade para as empresas que prestan servizos publicitarios de cumprir as directrices de publicidade sobre Xogo Responsable.**
- **Todas as comunicacións comerciais ou en produtos preimpresos incorporan mensaxes de responsabilidade baixo as lendas “+18” e “Xoga responsablemente”.**
- **Comercialización de cupóns específicos para a sensibilización en materia de Xogo Responsable.**
- **Colaboración con FEJAR en múltiples accións, así como con outras asociacións vencelladas á protección do consumidor como HISPACOOOP e a FAD.**

228,5 millóns de euros íntegros para as persoas cegas ou con discapacidade

A mellora nos ingresos polas vendas das súas loterías rexistrada en 2019 constitúe unha gran noticia, porque se converte de forma inmediata nun aumento do investimento social directo para persoas cegas que ofrece a ONCE e do resto de persoas con discapacidade, a través de Fundación ONCE.

O crecemento das vendas nun 4,4% en 2019 permitiu por tanto incrementar o investimento social destinado á discapacidade até os 228,5 millóns de euros, a cantidade máis elevada nos

últimos exercicios, que permitiron afianzar, manter e elevar o ritmo de investimento con accións coma:

- **Cobertura global para 72.231 persoas cegas afiliadas á Organización.**
- **Atención a medida e especializada ás 3.202 novas persoas cegas afiliadas durante 2019.**
- **Concesión de 4.643 prestacións económicas a persoas cegas, por importe de 4,6 millóns de euros.**
- **6,2 millóns de euros dedicados a adaptación de posto de traballo, estudo ou formación para persoas cegas ou xordocegas.**
- **37.907 servizos de atención persoal a afiliados.**
- **Servizos específicos para adultos: rehabilitación (8.507); formación en braille e tecnoloxías da información e comunicación (6.637); apoio psicosocial (3.498); benestar social (7.353); e apoio ao emprego (1.620).**
- **Atención integral a 7.413 estudantes cegos ou con discapacidade visual grave, o 99,4% deles en educación integrada.**
- **50 informes emitidos en materia de asesoramento xenético da patoloxía ocular.**
- **Atención a 2.969 persoas xordocegas a través de FOAPS, con 89.594 horas de mediación.**
- **A Fundación ONCE do Can Guía proporcionou 131 novos cans, con máis de 1.050 o número de usuarios en todo o territorio.**

■ **Desenvolvemento de 95 proxectos de innovación en tecnoloxía accesible e axudas técnicas.**

■ **4.537 persoas foron beneficiarias do servizo de voluntariado a través dos 2.853 voluntarios activos, que realizaron 268.920 horas de servizos.**



Ademais disto, púxose en funcionamento o programa 'Ao teu carón sempre' co fin de coordinar a intervención específica dos servizos e profesionais da ONCE nos grupos de poboación máis propensos a sufrir situacións de soidade, dotando de obxectivos, liñas de desenvolvemento, accións e ferramentas unificadas para a realización desta importante función.

En 2019, un equipo de 1.591 profesionais de servizos sociais formado por mestres, psicólogos, traballadores sociais, técnicos de rehabilitación, instrutores de tiflotecnoloxía e braille, xestores de servizos sociais, animadores socioculturais...- fixeron posible

que as persoas afiliadas puidesen levar a cabo unha vida plena e autónoma.

O destino dos ingresos da Organización apréciase no seguinte gráfico sobre un cupón: os premios representan un 54% do total; os pagos de salarios, cargas sociais de vendedores, gastos indirectos de xogo (publicidade, mantementos, produto, CFC e Internet) supoñen un 33,6%; o investimento social directo dirixido a persoas cegas e con discapacidade supera o 10,1%; e outros gastos (2,3%).



54%	Pago de premios
33,6%	Salarios e gastos indirectos de xogo
10,1%	Investimento social directo
2,3%	Outros gastos

3.2

Fundación ONCE.

Formación, emprego, inclusión para as persoas con discapacidade

A ONCE creou en 1988 a maior ferramenta de inclusión de persoas con discapacidade do mundo e a mellor dotada financeiramente, co 3% directo dos ingresos por vendas de loterías: naceu a Fundación ONCE para a Cooperación e Inclusión Social de Persoas con Discapacidade, cunha xestión aberta, en cuxo Padroado, máximo órgano de goberno, están representadas as principais organizacións que agrupan a estas persoas, así como outras institucións.

En conxunto coa aportación directa da ONCE, impulsada pola mellora das vendas de lotería nos últimos exercicios, a Fundación ONCE incorpora a coxestión do financiamento procedente de Bruxelas desde o Fondo Social Europeo (FSE), co que mantén unha importante alianza desde o ano 2000, o que lle permite multiplicar o seu impacto social. No período de programación do FSE 2014-2020, a Fundación é xestora, co dobre status de Entidade Beneficiaria e de Organismo Intermedio, dos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social – POISES – e de Emprego Xuvenil – POEJ-. Para a execución e aproveitamento máximo destes programas, a Fundación ONCE actúa da man de Inserta Emprego, en calidade de beneficiaria dos mesmos.

Desde o seu inicio, Fundación ONCE marcouse tres áreas de esforzo principal: a formación, o acceso ao emprego e a accesibilidade universal. Con estes obxectivos, lanza anualmente unha convocatoria de proxectos para cofinanciar

iniciativas que contribúan a esas vertentes e cumpran unha serie de requisitos. No ano 2019 aprobáronse 2.116 proxectos dos 2.731 presentados. Unha choiva fina que chega a todo o territorio e convértese nun dinamizador e nun potente instrumento de inclusión social.

O 64,8% dos proxectos aprobados destínanse a emprego e formación para o emprego, e o 35,2% restante a accións vencelladas coa accesibilidade universal. O 27,6% das solicitudes resoltas favorablemente corresponde con solicitudes de persoas físicas, o 59,8% das axudas destinouse a entidades da discapacidade e o 12,8% restante a programas propios.

Fundación ONCE cumpre así a súa principal función, cunha dotación global de 104,2 millóns de euros, para a plena inclusión das persoas con discapacidade. A principal fonte de financiamento en cada exercicio provén do 3% dos ingresos brutos obtidos coa comercialización dos xogos da ONCE, que ascendeu a 67,7 millóns de euros neste exercicio. A iso súmase a coxestión de ingresos procedentes do Fondo Social Europeo (FSE) -29,9 millóns-, alianza clave e un exemplo de como multiplicar os esforzos comunitarios no noso país con resultados palpables. Ademais, e xa de forma menos destacada, os ingresos chegan de medidas alternativas (permiten cumprir a norma sobre contratación de persoas con discapacidade con compra de bens e servizos a centros especiais de emprego) ou de doazóns a través do microsite 'Colabora' (<http://colabora.fundaciononce.es/>), sempre aberto á túa colaboración.

“ O 64,8% dos proxectos aprobados destínanse a emprego e formación para o emprego, e o 35,2% restante a accións vencelladas coa accesibilidade universal”

Todo iso sen esquecer a vertente destacada de pulo ao asociacionismo das persoas con discapacidade en España, así como a sensibilización global da sociedade. Para iso, colabórase co Comité Español de Representantes das Persoas con Discapacidade (CERMI), e ábrese diálogo e relacións con cantas organizacións, persoas físicas, institucións ou outros organismos sexan relevantes para lograr os fins perseguidos.







Estes son algúns dos logros e datos máis importantes de 2019:

- **64,8 millóns dedicados a emprego e formación.**
- **41 convenios de colaboración con universidades e outras entidades do mundo académico que participan nos programas formativos.**
- **Inicio do “Estudo de Rendemento de Estudantes con Discapacidade” e das “Primeiras Xornadas de Orientación para a Educación Inclusiva”.**
- **VIII edición do programa “Campus Inclusivos, Campus sen Límites”.**
- **Novo proxecto no ERASMUS+ denominado “European Network of Inclusive Universities”, para construír unha rede de universidades inclusivas.**
- **VI edición do programa de bolsas “Oportunidade ao Talento”, dotado con máis de medio millón de euros. 413 solicitudes para 104 bolsas de máster, mobilidade internacional, doutorando, investigación e estudo e deporte.**
- **III edición do programa de bolsas de prácticas**

“Fundación ONCE-CRUE” con 273 beneficiarios con prácticas académicas remuneradas.

- **III edición do programa “UNIVERSIDAD” con 345 persoas novas con discapacidade intelectual en 23 universidades durante o curso académico 2019-2020.**
- **50 persoas novas beneficiáronse da II edición do programa de axudas para a realización de “Cursos de Idiomas no Estranxeiro”.**
- **I edición do “Programa Reina Letizia para a Inclusión” para a mellora das condicións educativas de persoas con discapacidade e 225 bolsas ocupadas.**
- **O programa de excelencia educativa ofreceu 14 bolsas a persoas novas con discapacidade en programas de excelencia como “Colegios del Mundo Unido”, “AcciónXChange”, “AcciónxPeace”, e “Campamentos científicos EDUCALAB”. Ademais, seguimos apoiando bolsas alumni para alumnos con bos expedientes nas universidades de Navarra, Carlos III e IESE.**
- **35,2 millóns destinados a accesibilidade e innovación.**
- **39 convenios de accesibilidade con entidades públicas e privadas, entre os que destacan:**
 - “Camiño de Santiago Accesible. O teu Compañeiro no Camiño”.
 - “Promoción da normalización técnica en accesibilidade e deseño universal en España, Europa e Internacionalmente”.
 - “Deseño de cursos online para profesionais” na canle Fundación ONCE no portal UNED Aberta”.

- “Inclusión dos criterios de Accesibilidade Universal e Deseño para todas as persoas na Universidade”.
- “Plataforma Online para o pulo da Accesibilidade Universal”.
- “Accesibilidade nos postos de traballo”.
- “Investigación en indicadores de accesibilidade universal”.

-  **Continuou a actividade nos proxectos: CILIFO (Centro Ibérico para a Investigación e Loita contra os Incendios Forestais), EDUCA4ALL, SAFERUP, ...**
-  **Elaboráronse 46 estudos de investigación en distintos ámbitos, coma o de “Accesibilidade e innovación social na atención sanitaria. As TIC como facilitador para un uso eficiente da sanidade”.**
-  **Inserta Emprego finalizou o exercicio con 281.590 persoas con discapacidade inscritas na súa bolsa de emprego.**
-  **Apoio especial a 1.760 mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero, con 602 servizos de orientación laboral e emprego para 148 delas.**
-  **Múltiples iniciativas de pulo ao emprego como Academia Dixital, ADOP Emprego PROAD e Trainers Paralímpicos, EmcA, Games de Emprego ‘Poder Extra’, Por Talento...**
-  **ODISMET, o Observatorio sobre Discapacidade e Mercado de Traballo en España (www.odismet.es), referente para contar con datos sobre a situación das persoas con discapacidade no mercado de traballo.**

3.3 Ilunion. Primeiro quinquenio para o liderado e a solidez

Apenas cinco anos despois da súa unificación como marca das empresas sociais do Grupo Social ONCE, Ilunion consolídase como a primeira empresa social provedora de servizos de España e un empregador de referencia no mercado laboral, especialmente entre as persoas con discapacidade. Un grupo empresarial social sólido, competitivo e sostible.

O proxecto empresarial de Ilunion nace como resposta a unha realidade: as dificultades que teñen as persoas con discapacidade para conseguir un posto de traballo. Por iso, o compromiso social, a competitividade e a rendibilidade económica guían a actividade de Ilunion, que día a día demostra que un crecemento económico e ao tempo inclusivo é posible, xerando prosperidade, oportunidades e valor compartido para toda a sociedade.

Ilunion desenvolve unha actividade ampla e diversificada en máis de 50 liñas de negocio, agrupadas en cinco divisións (servizos; hoteleira e hospitalaria; consultoría; sociosanitaria e comercialización), que dan lugar a unha oferta integral, flexible e personalizada, intensiva en man de obra.

O 53,3 % dos centros de traballo son Centros Especiais de Emprego de iniciativa social (CEE), figura recoñecida legalmente como un dos tipos de entidades da Economía

“Ilunion consolídase como a primeira empresa social provedora de servizos de España e un empregador de referencia no mercado laboral, especialmente entre as persoas con discapacidade”











Social, por contar no seu cadro de persoal con máis dun 70% de persoas con discapacidade. Isto aporta un plus de valor diferencial e competitivo á oferta de Ilunion, xa que ofrece potenciais socios e clientes a posibilidade de compartir os seus valores e o seu proxecto socioempresarial e, ao tempo, axúdalles a cumprir a normativa vixente en materia de emprego de persoas con discapacidade.


Ilunion conta con 492 centros de traballo localizados ao longo de toda a xeografía española, dos que 262 son Centros Especiais de Emprego (un 53,3%). Na actualidade, aposta polo desenvolvemento internacional como dispositivo clave de crecemento, co obxectivo de exportar o modelo de empresa social xeradora de emprego para persoas con discapacidade e outros colectivos en risco de exclusión.

O modelo de negocio localízase, por tanto, onde conflúen rendibilidade e inclusión, un reto que esixe unha decidida aposta polas persoas e pola competitividade en todos os ámbitos do negocio.

En 2019 obtivo unha facturación de 978,8 millóns de euros, un 5,8% máis que o ano anterior, e un ebitda de 61,9 millóns de euros. O cadro de persoal directo de Ilunion situouse en 37.907 persoas, un 40,5% delas con discapacidade, o elemento diferenciador da marca e dos valores que representa, que son recoñecidos pola sociedade española e no ámbito internacional.

O Grupo investiu 63,8 M€ en modernización, crecemento e expansión en 2019 e entre os principais fitos foron:

-  **Ilunion IT Services compra Sermalogic e completa a súa actividade coa liña de negocio “fields services”.**
-  **Ilunion adquire o 50% de Taxileón e Logiraees e consolida a súa posición no sector de reciclado RAEEs.**
-  **Grupo Social ONCE; primeiro posto de Merco Responsabilidade e Goberno Corporativo e sétimo de Merco Empresas.**
-  **Ilunion Hotels celebra 30 anos.**
-  **Ilunion Retail abre a súa tenda número 100 no Hospital de Mérida.**
-  **Ilunion Hotels implanta un motor de reservas accesible na súa web.**
-  **Ilunion recibe un préstamo de 35 millóns de euros do ICO.**
-  **Ilunion e a Fundación Repsol firman un acordo de colaboración para desenvolver proxectos de impacto social.**
-  **Ilunion Seguridade aproba o primeiro protocolo contra a violencia de xénero no sector.**
-  **Ilunion Saúde e Fundación ONCE fan accesible o Cumio do Clima (COP25) de Madrid.**



978,8 millóns de euros de facturación en 2019 e un ebitda de 61,9 millóns de euros.



492 centros de traballo repartidos por todas as CCAA e estranxeiro, o 53,3% deles Centros Especiais de Emprego (CEE).



4

IGUAIS nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (DS)

O Grupo Social ONCE moveuse sempre, e móvese actualmente, baixo principios de actuación que marcaron o pasado, son activos do presente e, sobre todo, sinalan un futuro polo que transitar cara a igualdade e inclusión real das persoas con discapacidade. Para iso, contamos con instrumentos claves de acción que, nestes intre, se aliñan cos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** impulsados por Nacións Unidas, e se enfocan nunha acción social e económica ligada no posible a algúns dos 17 compromisos, especialmente os que están máis intrinsecamente relacionados coas persoas e cos dereitos, se ben non esquecemos no seu conxunto o cumprimento da axenda 2030 en canto á xestión de todo o que nos rodea e a nosa relación co coidado do planeta, pensando especialmente nas xeracións futuras.

4.1 Educación de calidade DS número 4

Nada hai que faga avanzar máis ás sociedades cara a modernidade e o futuro que unha educación de calidade,

realizada en igualdade de oportunidades. Sobre este concepto son múltiples as iniciativas que levamos a cabo para xerar contornos tolerantes e inclusivos, apoiándonos en máis de 80 empresas, centros académicos e organizacións da RSE, concellos, universidades, empresas ou outros, para que garantan as dimensións de accesibilidade e empregabilidade en todas as súas actividades.

Mantéñense convenios de colaboración coas consellerías competentes de todas as comunidades autónomas, a través das que se impulsa continuamente o desenvolvemento de políticas que favorecen a inclusión educativa do alumnado, a accesibilidade universal e a igualdade de oportunidades, sen deixar a ninguén atrás.

Desde a ONCE mantense a cobertura educativa a 7.413 escolares con discapacidade visual en colaboración cos servizos educativos das comunidades autónomas (99,4% en educación integrada). Sorprende, pero é unha mostra do bo traballo realizado, que os niveis de fracaso escolar dos alumnos con discapacidade visual severa sexan menores do 5%, fronte á media estatal que se sitúa no 18 % e incluso mellor que a media da Unión Europea (UE) –en torno ao 11%–, o que dá

unha idea do seu esforzo persoal, acompañado de profesionais da Organización.

Para iso, a Organización traballa para garantir a accesibilidade dos recursos educativos dixitais e das ferramentas tecnolóxicas que o alumnado con cegueira ou deficiencia visual utiliza na aula.








Durante 2019 tiveron lugar as seguintes iniciativas:


- **Colaboración con distintas Administracións Públicas e empresas do ámbito educativo e/ou tecnolóxico (HP, Asseco, etc.).**
- **Participación do Grupo ACCEDO (Grupo de Accesibilidade a Contidos Educativos Dixitais da ONCE) con Fundación ONCE e Microsoft nun equipo de traballo sobre tecnoloxía en educación.**
- **Colaboración do Grupo ACCEDO na Feira do Libro de Madrid ou co Comité Técnico do desenvolvemento da norma UNE 71362 de calidade de materiais educativos dixitais, entre outras.**
- **Actualización do Catálogo de Aplicacións Accesibles 2019.**
- **Pulo continuo a políticas que favorecen a inclusión educativa, a accesibilidade universal e a igualdade de oportunidades, reivindicando o seu cumprimento.**
- **Valoración tecnolóxica do alumnado de 3º e 4º de Primaria sobre a utilización das TIC e das súas necesidades nos equipos específicos de atención educativa.**
- **Celebración no CRE de Barcelona do primeiro Campus de Tecnoloxía para escolares cegos entre 1º de ESO e Bacharelato, con tecnoloxía industrial.**


Pola súa banda, a Escola Universitaria de Fisioterapia da ONCE, adscrita á Universidade Autónoma de Madrid, está considerada unha das escolas máis prestixiosas no ámbito nacional e internacional e mantivo o seu rigor para xerar os mellores profesionais do país, desde o hándicap á excelencia.

Inclusión educativa

En paralelo, Fundación ONCE desenvolve proxectos para que as persoas novas con discapacidade cheguen á universidade e desenvolvan todo o seu potencial, e para iso actúa en diversas fronteiras: contribúe a que os campus sexan contornos máis accesibles en todos os sentidos, ofrece bolsas e impulsa o debate e a reflexión sobre a relación da universidade coa discapacidade, con accións como:

-  **41 convenios firmados con universidades e outras entidades do mundo académico (cifra que incrementa o total de convenios firmados a 205).**
-  **906 bolsas concedidas a alumnos con discapacidade intelectual (campus inclusivos, idiomas, posgrao, mobilidade internacional, doutorando...).**
-  **Adxudicáronse 273 Bolsas-Prácticas Fundación ONCE-CRUE Universidades Españolas das 714 recibidas. Executáronse nun total de 76 universidades e centros asociados UNED en todo o territorio español.**
-  **VIII edición do programa “Campus Inclusivos, Campus sen Límites” celebrado en 9 campus e coa participación de 14 universidades e 151 alumnos.**
-  **Novo proxecto ERASMUS+ para 3 anos con 56 universidades europeas e entidades (Foro Europeo Discapacidade –EDF–; Universidade Oriental de Finlandia; Universidade de Porto (Portugal); Universidade de Trieste (Italia); Politécnica de Lublin (Polonia); universidades de Murcia e de Sevilla; e Autónoma de Madrid.**

 **VI edición do programa de bolsas “Oportunidade ao Talento”. Recibíronse 413 solicitudes e concedéronse 104 bolsas nas diferentes modalidades: máster, mobilidade internacional, doutorando, investigación e estudo e deporte.**


 **II edición do programa de axudas para a realización de “Cursos de Idiomas no Estranxeiro”. Recibíronse 130 solicitudes e outorgáronse 50 bolsas para estudar en países europeos onde se fale inglés, francés ou alemán.**








Cultura e deporte accesibles

De novo pensando en sociedades modernas, non podemos deixar atrás a ninguén no goce dun dos nosos máis valiosos bens: a cultura. O acceso á arte é outra forma de completar e mellorar a inclusión de todas as persoas, tanto coa mostra de arte creada polas persoas con discapacidade como coa creación e difusión de contidos que rompan as barreiras sociais. E, do mesmo xeito, no goce e práctica do deporte, outra característica dos cidadáns modernos que teñen que ter a capacidade de acceder ao ocio e á saúde, a partes iguais, que proporciona a práctica deportiva, ademais da sa competición.

En 2019, organizáronse 5.597 actividades de animación sociocultural e deportivas nas que participaron 136.481 persoas.

As iniciativas culturais máis destacables en 2019:

 **XVII Bienal de Teatro en Estremadura, na que participaron 10 compañías de teatro de persoas cegas realizando 16 Actuacións.**

-  **Premios Tiflos de Literatura: resolución da 32 edición do Premio de Poesía, a 29 do Premio de Conto e a 21 do Premio de Novela, con máis de 1.000 obras.**
-  **9.535 persoas afiliadas distintas accederon á Biblioteca Dixital da ONCE e 9.924 descararon películas audiodescritas da videoteca Audesc.**
-  **17.598 persoas visitaron o Museo Tiflolóxico da ONCE e realizáronse 5 exposicións temporais e 2 exposicións itinerantes dos fondos do museo.**
-  **A ONCE continuou activamente vencellada á Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e Bibliotecas (IFLA) así como á Sección de Bibliotecas para Persoas con Discapacidade de acceso ao Texto Impreso (LPD). Nesta última, a ONCE participou cun relatorio sobre os requisitos de accesibilidade esixidos pola nova directiva europea.**
-  **A Exposición Itinerante “O Mundo Flúe”, de Fundación ONCE, percorreu varias cidades españolas e o espazo “Cambio de Sentido” sumou tres exposicións para a promoción e venda de obras de artistas con discapacidade.**
-  **Colaboración co Museo del Prado e o de Ciencias Naturais para facer accesibles as súas salas e exposicións.**
-  **A biblioteca infantil “Contos que contaxian Ilusión” de Fundación ONCE incorporou “Baltasar, nacido para investigar”, dedicado ás enfermidades raras.**

A ONCE dispón dun fondo destinado a financiar proxectos culturais e artísticos de diversa índole (gravación de obras musicais, edición de partituras ou libros de música, etc.) propostos por persoas afiliadas.

Deporte

Ademais do deporte de competición, a ONCE considera clave o deporte base, futuro da inclusión deportiva e aporte fundamental ao desenvolvemento de pequenos con discapacidade visual. Para iso, ademais da nosa colaboración e acción nas aulas inclusivas, celébranse múltiples xornadas de sensibilización para que os menores con discapacidade non sexan excluídos nas aulas deportivas ou nos equipos de base. Desde a Organización promovéronse varios encontros deportivos entre estudantes cegos, as súas familias e tamén o resto de compañeiros.

Polo que respecta ao deporte de competición, a Federación Española de Deportes para Cegos (FEDC) organizou 117 actividades deportivas de competición, nas que participaron 3.407 deportistas con cegueira ou con deficiencia visual grave, coa colaboración de 2.049 persoas de apoio (guías, adestradores e persoal de organización).

Durante 2019 destacan actividades deportivas como o XXVIII Campionato de España Individual FEDC de Xadrez, 2 Copas FEDC, as III Xornadas Sub-14 de esquí alpino, Campionatos de España de fútbol 5 e de fútbol sala, entre outras.

Por outra parte, en 2019 renovouse a colaboración desta Federación na programación e o desenvolvemento do IV Encontro de Escolas Deportivas ONCE. Esta actividade en 4 disciplinas: xadrez, fútbol sala, judo e goalball, ademais de gozar con outras actividades relacionadas con habilidades deportivas.

En canto a Fundación ONCE, para a promoción do deporte base conta coa Escola de Baloncesto en Cadeira de Rodas; ademais

patrocina a liga Fundación ONCE de Baloncesto en Cadeira de Rodas e o equipo CD Ilunion de baloncesto en cadeira de rodas, flamante campión e un dos mellores equipos do mundo. E é un dos patrocinadores do Plan de Axuda ao Deporte Obxectivo Paralímpico (Plan ADOP).

Destaca a celebración no mes de xuño na Universidade Francisco de Vitoria do I Seminario de Deporte Inclusivo dirixido ao profesorado universitario co obxectivo de compartir experiencias, técnicas e ferramentas que faciliten a participación do alumnado con discapacidade nas clases de actividade física e deportiva nas distintas etapas educativas. Este seminario, que ten vocación de continuidade, xurdiu da colaboración co Grupo Caja Rural-Seguros RGA.

No marco do Plan ADOP Emprego, o programa Trainers Paralímpicos continuou a súa actividade de conferencias motivacionais e obradoiros formativos dirixidos á rede empresarial e aos ámbitos educativos e sociais. Durante 2019 se realizaron 72 accións que chegaron a 4.488 persoas, acadando unha suma, desde a súa data de presentación en maio de 2015, de 297 actos aos que asistiron máis de 28.800 participantes.





4.2 Igualdade e igualdade de xénero

DS número 5

A ONCE naceu hai 82 anos cun obxectivo claro e unha mensaxe rotunda, que circula por estas liñas e é o nexa de unión: iguais. É máis que un concepto, é unha mensaxe de comportamento e acción que non pode deixar atrás conceptos clave como a igualdade de xénero.

Neste sentido, o Grupo Social ONCE conta co Observatorio de igualdade de Oportunidades, adscrito á vicepresidencia de Igualdade, Recursos Humanos e Cultura Institucional, e Inclusión Dixital do Consello Xeral da ONCE, o que pon de

manifesto a importancia que se lle outorga e que centra a súa actividade no seguimento e pulo das iniciativas realizadas no ámbito da igualdade, entendida no seu concepto máis amplo.

Nesa liña, aproba cada ano un Informe Anual de actuación que recolle datos cuantitativos e cualitativos para coñecer en profundidade a situación e evolución da muller nos diferentes ámbitos, sexan mulleres cegas afiliadas, teñan unha discapacidade diferente ou carezan dela. Esta ferramenta amosa unha comparativa interanual que comprende un período de cinco anos, o que permite coñecer e analizar a evolución de cada un dos aspectos avaliados e serve de punto de partida imprescindible para poñer en marcha novas iniciativas e estratexias que posibiliten avanzar.

Observatorio de igualdade

No ano 2019 o Pleno do Observatorio de Igualdade de Oportunidades do Grupo Social ONCE celebrou tres reunións e creouse un Grupo de Coordinación Interáreas, cuxo principal obxectivo é compartir información e homoxeneizar a forma de actuar das tres Áreas Executivas en materia de igualdade, para chegar máis lonxe interna e externamente coas actuacións que se levan a cabo.

Estas reunións contan coa participación dunha representante do CERMI que proporciona a oportunidade de establecer unha estreita colaboración entre o Observatorio e esta plataforma, así como coa Fundación CERMI Mulleres. Esta relación materialízase tamén na participación de diferentes representantes da ONCE nos órganos do CERMI e a Fundación citada anteriormente.

É preciso salientar a existencia dunha interlocución e colaboración fluída co Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social e os seus órganos dependentes (especialmente a Secretaría de Estado de Igualdade e a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero). Son especialmente destacables as reunións e encontros mantidos coa Secretaria de Estado e a Delegada do Goberno citadas anteriormente.

En 2019, a ONCE dedicou a imaxe de varios dos seus cupóns a distintos motivos relacionados coa igualdade, entre os que cabe salientar: Día da Igualdade Salarial (22 de febreiro), Día Internacional da Muller (8 de marzo) e Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (25 de novembro). En total, máis de 15 millóns de cupóns que apelan á cidadanía, en todos os recunchos, contra a lacra da violencia e en favor da igualdade.

Para conmemorar o Día Internacional da Muller celebrouse a mesa redonda “Somos Auténticas, por que non se nos ve?” cun alto grao de participación. Así mesmo, neste exercicio púxose en marcha unha nova iniciativa consistente na realización de seminarios de periodicidade cuadrimestral nos que se abordan diversos temas de interese relacionados coa igualdade vencellada ao xénero.

E, desde Fundación ONCE, coa acción de Inserta, impulsouse a igualdade para mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero. Na bolsa de emprego hai un total de 1.760 inscritas, das que 602 realizaron servizos de orientación laboral, logrando finalmente que 148 mulleres vítimas desta lacra social accedan ao emprego.

4.3 Redución das desigualdades; cidades e comunidades sostibles

DS números 10 e 11.

A ONCE centra o seu labor na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade en España, e así o leva facendo durante xa case 82 anos, pero sempre tivo como práctica estender a súa solidariedade a estas persoas en calquera parte do mundo, na liña de reducir as desigualdades globais e, por outra parte, camiñar cara a comunidades sostibles, que serán aquelas cuxas partes máis débiles –en demasiados casos persoas con discapacidade– poden lograr a inclusión desde o punto de vista dos dereitos.

Por iso, toda a súa tarefa esténdese cada vez máis, de forma solidaria, ao resto do mundo. O Grupo Social ONCE ten presenza e participación en importantes organizacións internacionais de diferentes ámbitos, sempre coa discapacidade como “leitmotiv”.

En 2019, a Fundación segue mantendo o status consultivo especial no Consello Económico e Social de Nacións Unidas (ECOSOC) e continúaase con alianzas con entidades multilaterais coma o Banco Mundial, o Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID) destacando entre as diferentes iniciativas o cofinanciamento do proxecto para a internalización de Inserta en 4 países Latinoamericanos, o Council on Foundations (COF), así como co Banco de Desenvolvemento de América Latina (CAF).

“2019 foi moi importante para a economía social representada en Europa por Social Economy Europe (SEE), plataforma na que Fundación ONCE participa desde os seus órganos de dirección”

Así mesmo, volveu participar, a través de Ilunion, no programa Transatlantic Inclusion Leaders Network (TINL) da German Marshall Fund, coa que este ano, ademais, coorganizou unhas xornadas sobre Liderado Inclusivo que tiveron lugar en Madrid no mes de xuño e nas que participaron case unha trintena de persoas novas, con e sen discapacidade, procedentes de diferentes organizacións de España e do resto de Europa. Finalmente, a Fundación ONCE recibiu a unha delegación da Nippon Foundation, á que se presentou o modelo do Grupo Social ONCE.

En 2019, continuouse co Proxecto Xestión do Coñecemento de Fundación ONCE, e Inserta está plenamente consolidado, e ao longo deste período continuouse con iniciativas, lanzouse un Club de Lectura para todos aqueles que estean interesados en aprender

e intercambiar opinións e gustos literarios e desenvolveuse a IV Edición do Showroom, dedicada á innovación.

No ámbito europeo, en 2019 séguese a colaborar activamente co Centro Europeo de Fundacións. Fundación ONCE participou nos eventos organizados para a celebración do 30º Aniversario do European Foundation Center (EFC) así como no blog que se levou a cabo con motivo do devandito acontecemento. Ademais, da man do EFC, asistiuse ás Xornadas tecnolóxicas organizadas pola DG de Investigación&Innovación da Comisión Europea e fomos invitados ao almorzo organizado polo Comisionado Moedas con quen se debateu sobre unha maior cooperación co sector fundacional no financiamento e as políticas de investigación e desenvolvemento. A través da Rede

Temática sobre Discapacidade do EFC (DTN), liderada por Fundación ONCE, contribuíuse á organización dunha sesión na que se debateu acerca da próxima Estratexia Europea de Discapacidade (2020-2030), os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e sobre discapacidade e xénero.

Este ano 2019 foi moi importante para a economía social representada en Europa por Social Economy Europe (SEE), plataforma na que Fundación ONCE participa desde os seus órganos de dirección.

En relación co Comité Económico e Social Europeo (CESE) destacamos o noso papel activo na elaboración de dúas resolucións de gran interese para nós: a configuración da axenda da UE sobre os dereitos das persoas con discapacidade para o período 2020-2030, onde se tiveron en conta todas as nosas aportacións (relacionadas con emprego, accesibilidade, RSC, acceso á xustiza), velando polo tema dos CEE e o emprego, e outra sobre “O dereito real de voto nas eleccións ao Parlamento Europeo das persoas con discapacidade”, que recolle explicitamente o papel da ONCE en España como exemplo de boas prácticas para o resto de países europeos.

En 2019, como membros do Centro Europeo de Empresas Públicas e de Servizos Públicos, (CEEP) temos seguido participando no Comité de Asuntos Sociais e colaborando activamente nos grupos de traballo e consultas que propoñen.

En coordinación co Consello Xeral, témonos incorporado á Asociación Europea de Provedores de Servizos para Persoas con Discapacidade-EASPD, principal asociación paraugas europea para os axentes e asociacións nacionais que prestan servizos destinados a persoas con discapacidade.

Así mesmo, salientar que Fundación ONCE pasou a ser membro do Consello Asesor para o Investimento de Impacto en España (Spain NAB), órgano que representa a España ante o Global Steering Group for Impact Investment (GSG).

Consolídanse as alianzas con entidades públicas e privadas en España e en Europa, a través das redes de cooperación transnacional, como a de Economía Social e Discapacidade e Disability Hub Europe para os ODS, coa presentación pública da rede no Parlamento Europeo en Bruxelas, e da publicación “Por un futuro do traballo inclusivo para as persoas con discapacidade” coa Rede Global de Empresas e Discapacidade da OIT na súa sede de Xenebra.

En 2019 finalizou o proxecto de innovación social D_Innovar, no que se testou a metodoloxía IS_IMPACT de “Medición do Impacto do Programa Inserta”, que revela, da análise de 20 empresas representativas do Foro Inserta, a mellora da inclusión social valorada en 13.237 euros por persoa con discapacidade empregada. Seguimos apoiando a Start Up que aportan solucións innovadoras para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.



O Grupo Social ONCE no mundo



- CERMI
- PLATAFORMA DO TERCEIRO SECTOR
- UNIÓN MUNDIAL DE CEGOS (UMC)
- UNIÓN EUROPEA DE CEGOS (EBU)
- UNIÓN LATINOAMERICANA DE CEGOS (ULAC)
- ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DE XORDOCEGOS (DBI)
- ALIANZA INTERNACIONAL da DISCAPACIDADE (IDA)
- REDE GLOBAL DE ACCIÓN pola DISCAPACIDADE (GLAD)
- CONSELLO MUNDIAL DO BRAILLE (CMB)
- CONSELLO IBEROAMERICANO DO BRAILLE (CIB)
- FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE ASOCIACIÓNS BIBLIOTECARIAS (IFLA)
- CONSORCIO DAISY
- COMITÉ EUROPEO DE NORMALIZACIÓN (CEN)
- CONSELLO INTERNACIONAL DE MUSEOS (ICOM)
- FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE DEPORTES PARA CEGOS (IBSA)
- FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE ESCOLAS DE CANS GUÍA (IGDF)
- REDE EUROPEA DE CRÍA (EBN)
- FEDERACIÓN EUROPEA DE CANS GUÍA (EGDF)
- CONSELLO INTERNACIONAL PARA A EDUCACIÓN DE PERSOAS CEGAS E DEFICIENTES VISUAIS (ICEVI)
- ICEVI EUROPA
- ICEVI LATINOAMÉRICA
- ASOCIACIÓN MUNDIAL DE LOTERÍAS (WLA)
- ASOCIACIÓN EUROPEA DE LOTERÍAS (EL)

- CORPORACIÓN IBEROAMERICANA DE LOTERÍAS E APOSTAS DO ESTADO (CIBELAE)
- COLABORACIÓN EUROJACKPOT
- ORGANIZACIÓN IBEROAMERICANA DE SEGURIDADE SOCIAL (OISS)
- FUNDACIÓN OJOS DEL MUNDO
- HELPAGEN INTERNATIONAL ESPAÑA
- EUROPEAN NETWORK OF PHYSIOTHERAPY IN HIGHER EDUCATION (ENPHE)

E presenza ademais en:

- AMÉRICA LATINA A TRAVÉS DE FOAL QUE OPERA EN 19 PAÍSES: ARXENTINA, BRASIL, BOLIVIA, CHILE, COLOMBIA, COSTA RICA, CUBA, ECUADOR, O SALVADOR, GUATEMALA, HONDURAS, MÉXICO, NICARAGUA, PANAMÁ, PARAGUAI, PERÚ, REPÚBLICA DOMINICANA, URUGUAI E VENEZUELA
- ASOCIACIÓN DE CEGOS E AMBLIOPES DE PORTUGAL (CON ACTIVIDADE EN PORTUGAL, ANGOLA, MOZAMBIQUE, CABO VERDE, SANTO TOMÉ E PRÍNCIPE E GUINEA BISSÁU)
- PROXECTOS EDUCATIVOS nos BALCÁNS (BULGARIA, ROMANÍA, ALBANIA E BOSNIA), MARROCOS, EXIPTO E nos CAMPAMENTOS SAHARAUÍS DE REFUXIADOS DE ALXERIA
- COLABORACIÓN coa ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CEGOS DE GUINEA ECUATORIAL (ONCIGE)



- FORO EUROPEO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (EDF)
- PLATAFORMA EUROPEA PARA A REHABILITACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL das PERSOAS CON DISCAPACIDADE (EPR)
- CONSORCIO MUNDIAL PARA A ESTANDARIZACIÓN da ACCESIBILIDADE na WEB (W3C)
- INSTITUTO EUROPEO DE DESEÑO PARA TODOS (EIDD)
- REDE EUROPEA PARA O TURISMO ACCESIBLE (ENAT)
- COMITÉ PARALÍMPICO INTERNACIONAL
- COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL da UNIÓN EUROPEA (CESE)
- CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS PÚBLICAS E DE SERVIZOS PÚBLICOS (CEEP)
- CENTRO EUROPEO DE FUNDACIÓNS (EFC)
- PLATAFORMA EUROPEA da ECONOMÍA SOCIAL (SEE)
- COUNCIL OF FOUNDATIONS
- PROGRAMA MEMBROS AFILIADOS ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE TURISMO (OMT)



- PRESENZA INTERNACIONAL EN ANDORRA, PORTUGAL E COLOMBIA






5

IGUAIS no pulo cara o cumprimento da axenda 2030

Somos o medio no que vivimos e, se non coidamos o noso contorno e o noso planeta non poderemos conformar sociedades de futuro con calidade de vida. É unha máxima do Grupo Social ONCE, que se traduce en políticas innovadoras que contribúen ao incremento da eficiencia nos consumos e á optimización dos recursos para minguar o prexuízo do medio natural.

Este enfoque é de tal importancia que, como dixo Nacións Unidas, podemos converternos na primeira xeración capaz de terminar coa pobreza no mundo e, ao mesmo tempo, abordar o cambio climático. E todo iso non sería posible sen o desenvolvemento sostible social, económico e medioambiental, co que estamos comprometidos, na liña da Axenda 2030.

5.1 Enerxía sostible; consumo responsable; acción polo planeta

 **DS números 7, 12 e 13**


A ONCE adquiriu o compromiso de establecer un Plan de Redución de Emisións, no Marco de Políticas e Enerxía e

Cambio Climático 2021-2030, no que se inclúen medidas de aforro do consumo de recursos, economía circular, transporte sostible, entre outras, favorecendo deste modo a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro da Organización.

Co fin de continuar favorecendo a concienciación neste ámbito entre os grupos de interese, a ONCE asinou, en maio de 2019, un Convenio coa Secretaría de Estado de Medio Ambiente para o desenvolvemento de actuacións de información, difusión e sensibilización en materia medioambiental.

Na Organización préstase especial atención á xestión da eficiencia, establecendo políticas estritas en materia de compras, criterios de selección de provedores –que cumpran criterios de proximidade, por exemplo-, aforro de consumos e custos, uso sostible de recursos, xestión de residuos...

Entre as diferentes accións para optimizar os consumos enerxéticos destacan:

-  **Instalación de toldos en edificios (Servizo Bibliográfico e outros) para a conservación da temperatura constante e reducir o consumo de enerxía.**



- **Substitución de sistemas de iluminación tradicional por sistemas LED en distintos centros.**
- **Disposición de tecnoloxía Inverter® nos novos equipos de climatización instalados nos centros, que favorece a eficiencia das instalacións.**
- **Cambio das cubertas en dúas naves do Centro Loxístico e de Producción de Produtos de Xogo da ONCE (CLP), instalando un material translúcido, comprobándose un notable aumento da luminosidade en ámbalas dúas estancias.**
- **Disposición de iluminación LED e detectores de presenza nos novos quioscos, que regulan o funcionamento dos equipos de climatización, todos con tecnoloxía Inverter®.**
- **Optimización de indicadores de recursos e consumos de enerxía eléctrica: prezo, potencia contratada/demandada, penalizacións por reactiva, padrón de consumo.**
- **Optimización da potencia contratada cunha redución do custo da potencia dun 2,35% con respecto á facturación total de 2018.**
- **Redución do impacto de recargas por excesos de reactiva, pasando dun 0,8% en 2018 a un 0,52% da facturación total.**
- **Contrato unificado cunha comercializadora eléctrica que xestiona os quioscos para control de consumo e prezos, así como máis enerxía verde e eficiente.**

Para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, a ONCE estableceu dun Plan de Redución de Emisións 2020-2022. Durante o ano 2019, impulsáronse diferentes

iniciativas para reducir estas emisións e calquera forma de contaminación atmosférica específica, incluíndo as emisións de ruído e contaminación luminosa entre as que destacan: substitución de máquinas antigas, instalación de sistemas de insonorización en máquinas de ar acondicionado, substitución paulatina da iluminación fluorescente por iluminación LED con tecnoloxía de estado sólido, renovación de vehículos con frotas menos contaminantes.

O Centro Loxístico e de Producción da ONCE (CLP), onde se leva a cabo a fabricación e distribución dos produtos de lotería da Organización, non rexistra ningún risco relacionado con impactos ambientais. Desde o ano 2009 e, co obxectivo de mellorar a eficiencia nos procesos e reducir ao máximo o papel de refugallo, fixouse un protocolo de actuación que persigue non superar o 15% de papel de refugallo na produción como obxectivo anual de mantemento para a redución dos residuos. Así mesmo, todos os refugallos de papel son xestionados para seren reconvertidos en papel reciclable.

A produción de produtos de xogo de Lotería Instantánea realízase con papel FSC Mix (polpa de papel proveniente e xestionada de bosques sostibles) e todos os provedores/fabricantes contan coa certificación **FSC®** (Forest Stewardship Council®), que asegura que a fibra obtida procede de bosques controlados, con replantación planificada e sen alteracións xenéticas, respectando os dereitos humanos en toda a cadea de custodia; e a certificación **PEFC™** (Programme for Endorsement of Forest Council) que mantén e desenvolve os recursos forestais para contribuír aos ciclos globais do carbono, así como revalorizar as funcións produtivas dos bosques e conservar e desenvolver a diversidade biolóxica. Este é o mesmo caso do papel térmico sobre o que se imprimen


as apostas por Terminal de Punto de Venda, certificado tamén cos selos **FSC Mix** e **PEFC™**.

En canto a xestión de residuos, o obxectivo da ONCE para os próximos anos é a implantación dun sistema integrado de xestión de residuos en todos os centros da Organización, asegurando a correcta segregación dos mesmos.




Por outra parte, a Organización ten establecidas diferentes canles que, non sendo específicas para materias ambientais, permiten canalizar calquera tipo de queixa, reclamación e/ou comunicación recibida por parte do colectivo de traballadores, afiliados ou clientes nesta materia. Neste sentido, durante 2019 non consta a presentación de ningunha reclamación por motivos ambientais.

Minimizar o impacto ambiental e a loita contra o cambio climático son os compromisos de Ilunion co Medio Ambiente. O Grupo así o reflicte na súa Política de Responsabilidade Social Corporativa e no proxecto Compromiso Ambiental do seu Plan Director 2018-2021. Unha iniciativa destinada a establecer unha estratexia e obxectivos ambientais comúns a todas as empresas do Grupo.



Entre as accións levadas a cabo en 2019, destacan:

-  **Ilunion calculou por primeira vez a súa pegada de carbono do Grupo, que ascendeu a 106.535,9 t CO₂eq (emisións de alcance 1 e 2).**

“Todo o papel dos produtos de lotería da Organización procede de bosques sostibles, con replantación planificada e desenvolvemento forestal para desenvolver a diversidade biolóxica”

-  **Proxecto Compromiso Ambiental:** en 2019 levouse a cabo unha análise sobre a xestión ambiental de todas as empresas co obxecto de aprobar unha política medioambiental e obxectivos a nivel corporativo.
-  **O 100% da electricidade consumida polos hotels de Ilunion Hotels procede de fontes de enerxía renovable.**
-  **O 81% das sociedades que conforman Ilunion contan cun Sistema de Xestión Ambiental certificado conforme a UNE-EN ISO 14001:2015.**

Outras accións levadas a cabo no relativo a eficiencia enerxética son:

-  **Melloras nos sistemas de iluminación:**
 - O 98% das plantas de Ilunion Lavanderías conta con sistema iluminación LED 4.0 autorregulable que permitiu unha redución do consumo de electricidade do 13%.
 - Ilunion Sociosanitario, Ilunion Automoción, Ilunion Hotels e Ilunion Servizos Industriais cambiaron a súa iluminación por tecnoloxía LED.
 - Ilunion Servizos Industriais e Ilunion Automoción levaron a cabo a instalación de sensores de movemento e detectores de presenza.
-  **Substitución de equipos por outros máis eficientes:**
 - Ilunion Sociosanitario substituíu as caldeiras de propano por gas natural.
 - Ilunion Hotels cambiou as climatizadoras por outras máis eficientes e instalou equipos de recuperación de calor e cortinas de ar.

Optimización de procesos:

- A liña de esterilización de Ilunion Lavanderías optimiza as cargas das autoclaves.

Respecto a Mobilidade sostible

Frotas máis sostibles:

- Ilunion Lavanderías adquiriu 11 turismos e tres camións con etiqueta medioambiental ECO.
- O servizo de teleasistencia de Madrid de Ilunion Sociosanitario conta cunha frota de vehículos híbridos e eléctricos, ademais de con un vehículo de empresa compartido.

Uso eficiente de vehículos:

- Ilunion Facility Services dispoñen de pautas de actuación para unha conducción eficiente de vehículos.
- Ilunion Servizos Industriais dispuxo medidas de car-sharing para os desprazamentos do cadro de persoal entre os centros de traballo.

Puntos de recarga:

- Ilunion Hotels instalou en oito hotels puntos de recarga de vehículos eléctricos para uso gratuito por parte dos clientes.

Enerxías renovables

Paneis solares térmicos:

- Ilunion Reciclados, Ilunion Automoción, Ilunion Hotels (Hotels: Atrium, Auditori, Barcelona, Calas de Conil, Islantilla e Málaga).

- Ilunion Sociosanitario (Residencia Prado de San Gregorio) utilizan paneis solares térmicos para a produción de auga quente sanitaria.

Plantas solares fotovoltaicas:

- As lavanderías de T xtil Rental, Crisol, Las Palmas e Tenerife contan cunha planta solar fotovoltaica.

Caldeiras de biomasa:

- A residencia en Calasparra de Ilunion Sociosanitario e o Hotel Ilunion Alcora dispoñen dunha caldeira de biomasa.

Ademais, Ilunion contrib e   circularidade da econom a a trav s da eficiencia no consumo de materias primas, a recuperaci n e reutilizaci n dos materiais, e a reduci n de residuos. E en todo o crecemento da actividade impulsa a participaci n nun sector clave para a econom a circular.

Reducci n do consumo de materias primas:

- Ilunion Servizos Industriais reduciu o pl stico usado nos procesos de enfardado mediante axustes no proceso produtivo e acci ns de formaci n a empregados.
- Ilunion Lavander as reduciu o consumo de pl stico para o env o de roupa en 6,37 Tn promovendo entre os seus clientes o uso de sacas reutilizables e a s a li a de t xtil minimizou o consumo de cart n para embalaxe nun 15% mediante a substituci n de equipos e a modificaci n do formato de embalaxe.
- A sede corporativa do grupo, Torre Ilunion, lanzou o proxecto “Somos 0% Pl stico” co obxectivo de eliminar os pl sticos dun s o uso nas oficinas, a restauraci n e as m quinas de vending.





Reutilización e valorización de residuos:

- Ilunion Hotels recolleu 10.085 litros de aceite de cociña usado para a súa utilización como biodiesel e 1.054Kg de tapóns de botellas que serán valorizados.
- Ilunion Reciclados levou a cabo a valorización do vidro cónico procedente de televisores de tubo de raios catódicos (TVs CRT) por primeira vez neste exercicio, tras a consideración do mesmo como residuo perigoso no ano 2018.

Para a redución e eficiencia no consumo de auga, así como a preservación da súa calidade, Ilunion Lavanderías implementou un sistema de recuperación nos túneles e

lavadoras que xerou un aforro de auga do 1,2% respecto ao ano anterior. Ademais, a súa liña de esterilización optimiza as cargas no lavado con obxecto de reducir o consumo de auga.

Pola súa banda, Fundación ONCE conta con Sistemas de Xestión Ambiental (dentro dos seus Sistemas Integrados de Xestión-SIG) certificados coa norma UNE-EN-ISO 14001:2015 de Xestión Ambiental.

En relación coa avaliación ambiental, cabe salientar a designación en 2019 de delegados e delegadas ambientais en Fundación ONCE, as súas asociacións e Servimedia, no marco do Plan Director de RSC 2019-2022. Como medidas de mellora destacan: eficiencia de equipos e instalacións, difusión de pautas e boas prácticas dirixidas a reducir o consumo de enerxía, optimización no uso dos equipos de climatización ou apagado dos equipos ao concluír a xornada laboral.

Fundación ONCE, as súas asociacións e Servimedia están comprometidas coa loita contra o cambio climático, en liña coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e, neste marco, desenvolven diversas accións para previr e reducir a contaminación. Anualmente, lévase a cabo o cálculo da pegada de carbono da Área Executiva, paso previo e imprescindible para poder reducir de maneira paulatina as emisións de gases de efecto invernadoiro.

E sensibilízase aos cadros de persoal para que fagan un bo uso de materiais como o papel e colaboren na adecuada xestión dos residuos. Cabe salientar a acción de sensibilización interna levada a cabo en 2019 co conxunto do cadro de persoal de Fundación ONCE con motivo da Semana Europea de Prevención de Residuos. O proxecto “oficina sen papeis” e a

progresiva dixitalización da actividade teñen, entre outros, o obxectivo de minimizar a xeración de residuos

5.2 Innovación

DS número 9

Vimos de pechar un exercicio, o 2019, no que a palabra evolución e innovación foron as constantes, demostrando que o Grupo Social ONCE tivo sempre presente estas máximas como motores de futuro, transversais a todas as accións e contornos. No noso caso, ademais, vixiantes para que toda a innovación en calquera ámbito non deixe atrás a unha parte da poboación, as persoas con discapacidade, a quen non se pode ni debe poñer máis barreiras. Calquera innovación non accesible deixará fora a unha parte da poboación e ampliará a brecha de capacidades.

A colaboración con universidades, empresas e entidades públicas e privadas é unha das vías de apoio á investigación que se traballan na ONCE a través do financiamento de proxectos. Neste sentido, coa Universidade Autónoma de Madrid estase desenvolvendo un proxecto de investigación social sobre o impacto de diferentes aprendizaxes en torno á representación espacial para a orientación e mobilidade das persoas con discapacidade visual.

Todo iso, esforzándose na implantación de criterios de accesibilidade nas novas tecnoloxías, nos produtos de apoio, no deseño arquitectónico das cidades, na mobilidade, no transporte, o turismo, a telefonía móbil, a transferencia de

coñecemento e o desenvolvemento colaborativo –en todos os ámbitos da vida-, con iniciativas e accións coma:

-  **95 proxectos de tflotecnoloxía e axudas técnicas.**
-  **Concedeuse o financiamento parcial de 5 proxectos de investigación sobre as diferentes patoloxías que afectan á visión, desenvolto por diferentes entidades (universidades, institutos de investigación, fundacións, etc.).**
-  **IV edición dos premios de innovación e boas prácticas en servizos sociais.**
-  **V edición dos Premios Discapnet ás Tecnoloxías Accesibles, uns galardóns que recoñecen o compromiso para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade, a través das TIC accesibles.**
-  **Celebración do III Congreso Internacional de Tecnoloxía e Turismo para a Diversidade.**
-  **O Centro de Tflotecnoloxía e Innovación da ONCE (CTI) participou directamente en 48 actividades (2 internacionais), destinadas a persoas cegas.**
-  **Fundación ONCE patrocinou xornadas e eventos, dos que se destacan S- Moving, GLOBAL ROBOT EXPO, Interacción 2019, DIGITAL JOVE, a 17ª Diada das Telecomunicacións de Cataluña e M- Enabling Europe.**
-  **Inauguración da Sala de Innovación Espacia, na sede de Fundación ONCE, un espazo aberto dedicado á innovación e a accesibilidade.**



6

IGUAIS, sen deixar a ninguén atrás

6.1 Traballo de calidade e compromiso económico

DS número 8

Ética e transparencia son máximas que se recollen en todos os documentos internos e externos da compañía, ademais de marcar os obxectivos de futuro en todas as actuacións. Á existencia dun código ético, de obrigado cumprimento en función das diferentes responsabilidades, súmase un Observatorio de Transparencia que pecha un círculo de compromiso e responsabilidade compartidas baixo o sinal do pulo ao traballo decente do que fala Nacións Unidas.

Estándares éticos de conduta

Incorporáronse as iniciativas éticas en diferentes códigos na Organización desde 2004, até lograr en 2015, abarcar á práctica totalidade do Grupo Social ONCE.

Para asegurar o desenvolvemento, pulo, implantación e seguimento destas iniciativas constituíuse o Comité de Ética, Recursos Humanos e Cultura Institucional (actualmente Observatorio de Transparencia e Ética) que, en dependencia

directa do Consello Xeral, se convirte en órgano responsable da aplicación e do cumprimento dos estándares de conduta que prevalecen no Grupo Social ONCE. En 2019 traballouse nun minisite en Internet para poñer en marcha o proxecto aprobado o ano pasado, como consecuencia da estratexia de implicar ao cadro de persoal nos valores da Institución.

O pasado exercicio aprobáronse as Directrices para conselleiros, directivos, mandos intermedios e outros responsables de xestión sen rango directivo do Grupo en relación co uso das redes sociais do Grupo Social ONCE. Do mesmo xeito, aprobáronse pautas de desenvolvemento do Código Ético de Conduta, co fin de axudar ao cumprimento das mesmas (informarase de calquera posible conflito de interese, non se aproveitarán situacións dúbidasas, erros alleos ou de indefinición de criterios para obter vantaxes ilexítimas, etc.).

O Modelo de prevención e detección de delitos detecta a exposición ao risco de cometer delitos polo cadro de persoal de empregados e/ou equipo directivo, que poida levar a responsabilidade penal da ONCE, e delimita o debido control a aplicar. Dispónse dunha “Política de Compliance” e un “Documento vertebrador do Sistema de Xestión de



Compliance Penal”. Durante 2019 continuouse avanzando na implantación deste Sistema de Xestión de Cumprimento Penal Preventivo, con medidas coma:

- **Lanzamento da canle de denuncias de incumprimentos ou condutas que poden supoñer a comisión dun delito, integrado na canle existente para denunciar infraccións do Código Ético de Conduta do Grupo Social ONCE.**
- **Elaboración polo OPP (Órgano de Prevención Penal) dos correspondentes informes trimestrais e a Memoria anual.**

Respecto ao Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD), elaborouse a Circular de Protección de datos persoais e a Circular sobre os procedementos documentais e organización e xestión dos arquivos da ONCE. En 2019 actualizouse e aprobouse para dar cumprimento ao novo Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) e á Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais. Ademais, a ONCE conta cun Comité de Seguridade de Datos e cun Comité de Valoración Documental para supervisar o cumprimento das mencionadas Circulares, establecer criterios e medidas a adoptar e resolver consultas internas.

En 2019, acometéronse diversas Actuacións para cumprir coas normas esixidas polo Regulamento:

- **Adaptación das lendas sobre protección de datos incorporadas como anexos á normativa interna da ONCE.**
- **Adaptación de contratos con provedores, así como os convenios e acordos institucionais, que levan encargo de tratamento de datos.**
- **Finalización da análise de risco dos tratamentos de datos en papel, con independencia da categoría dos datos, e de videovixilancia existentes en cada centro da ONCE e corrección das incidencias.**

A ONCE dispón dunha comisión encargada de supervisar o cumprimento interno das medidas implantadas en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo (PBCyFT). En 2019, a devandita Comisión celebrou seis reunións ordinarias para analizar as operacións de pago de premios informadas pola Unidade Técnica e acordar medidas de mellora, control e execución da súa política de PBCyFT.

En decembro de 2019, levouse a cabo a auditoría interna anual para a revisión das medidas establecidas nesta materia, estando xa implantadas algunhas das recomendacións de mellora e outras en trámite de corrección.

Finalmente, están dispoñibles códigos de conduta en materia de seguridade da área de xogo, políticas de seguridade da información ou manual de procedementos fiscais, entre outros, encamiñados a unha maior vixilancia e control de posibles condutas.



VALORES ÉTICOS

Comunicación • Solidariedade • Confidencialidade • Equidade • Confianza • Honestidade
 Humildade • Respetto • Compromiso • Profesionalidade • Responsabilidade

Transparentes



Para dar cumprimento ás obrigas que emanan da Lei 19/2013, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, naceu en 2014 o actual Observatorio de Transparencia e Ética do Grupo Social ONCE, co obxectivo da plena implantación das obrigas previstas na devandita Lei, como a actualización das webs que conteñen a información recollida no marco da política corporativa de transparencia (informe de auditoría independente, contas anuais e informe de xestión, listados de convenios con Administracións públicas, entre outros).

En base a iso e ao disposto na Lei 11/2018 en materia de información non financeira, xunto con este Informe de Valor Compartido do Grupo Social ONCE do exercicio 2019, elabóranse os seguintes documentos publicados nas páxinas web:

-  **Contas anuais e Informes de Xestión da ONCE, de Fundación ONCE e de Ilunion do exercicio 2019, xunto cos seus correspondentes informes de auditoría.**
-  **Estados de Información Non Financeira e Diversidade da ONCE e de Fundación ONCE (que incorporan ambos un apartado de Ilunion) do exercicio 2019, xunto cos seus Informes de verificación. E mantéñense as publicacións dos Estados de Información Non Financeira e Diversidade do exercicio 2018.**



Hai que facer constar que en 2019 a ONCE pasou a ser Entidade de Interese Público aos efectos da Lei 22/2015 de Auditoría de Contas e do Regulamento (UE) nº 537/2014, igual que as principais Sociedades españolas, o que supón un establecemento da auditoría con maiores requirimentos e un continuo seguimento da auditoría externa polo Comité Xeral de Auditoría do Grupo Social ONCE.

E para a súa remisión á Administración, emítense os seguintes documentos:

-  **Memoria Anual de Servizos Sociais ONCE para o Consello de Protectorado.**
-  **Fundación ONCE elabora ademais para o seu Padroado e para o Consello de Protectorado da ONCE: Informe de Resultados Sociais das Actividades de Accesibilidade Universal e Memoria de Actuacións Sociais.**

En relación co exercicio 2019, e baixo a coordinación do Comité Xeral de Auditoría do Grupo Social ONCE, presentáronse ao Consello de Protectorado da ONCE 17 auditorías de carácter obrigatorio e unha de carácter voluntario: 6 están relacionadas coas contas anuais das principais entidades do Grupo Social ONCE; 3 cos Estados de Información Non Financeira e Diversidade; e 9 co cumprimento do Acordo Xeral entre o Goberno da Nación e a ONCE de novembro de 2011.

Así mesmo, realizáronse auditorías de carácter trienal por encargo da World Lottery Association (WLA) e da European Lotteries (EL):

-  **Cumprimento pola ONCE dos estándares de Seguridade da WLA.**
-  **Cumprimento dos estándares de WLA e EL en materia de xogo responsable.**

Como resultado destas auditorías, tamén presentadas ao Consello de Protectorado, obtivéronse catro certificados, publicados na nosa páxina web.

Por último, o Ministerio de Facenda certifica cada tres anos, cunha empresa homologada, os dous xeradores aleatorios de numeración utilizados na realización de sorteos virtuais de produtos de xogo activo e na compra de boletos de lotería instantánea en Internet; e a funcionalidade da compra de boletos e apostas de xogo activo e de lotería instantánea.

É dicir, en total a ONCE conta con oito certificados externos (4 internacionais e 4 nacionais) relacionados cos seus produtos de lotería, que se renovan cada 3 anos.

No ámbito do control económico-financeiro das entidades do Grupo Social ONCE, o Consello Xeral da ONCE delega estas funcións no Comité de Estratexia Económica, Xogo e Desenvolvemento Empresarial, órgano encargado de autorizar con carácter previo operacións relativas a produtos, canles e soportes de xogo; operacións de financiamento bancario; operacións patrimoniais sobre as sociedades filiais e participadas; constitución, disolución, compra e vendas de sociedades; cambios en consellos de administración, padroados de Fundacións ou xuntas directivas de asociacións; operacións singulares de empresas; cambios en estatutos e regulamentos de funcionamento interno...

6.2 Institucións solidarias e alianzas para lograr obxectivos

DS números 16 e 17





Desde o seu nacemento hai xa 80 anos, a ONCE xestouse como unha Organización responsable socialmente coa cidadanía en

xeral, ao impulsar a autonomía persoal e plena inclusión das persoas cegas e/ou con outra discapacidade. Desde o inicio, as claves que despois deron en chamarse Responsabilidade Social Corporativa (RSC) foron parte da identidade, que afecta a todos os ámbitos de xestión, desde o aprovisionamento dos recursos até o modo no que nos relacionamos co noso contorno, sempre desde unha perspectiva que procura maximizar a eficiencia dos servizos que prestamos.

E, de novo, facemos xirar a RSC sobre as persoas que forman parte da Organización, e por iso queremos ser referente na política e xestión dos recursos humanos, co reto, ademais, de ir incorporando cada vez a máis persoas con grandes dificultades de inserción laboral por motivo da súa discapacidade.



A propia misión institucional da Entidade representa en si mesma un claro exemplo de responsabilidade, pero somos conscientes dos impactos da nosa actividade nos principais grupos de interese, especialmente como exemplo de institución solidaria, que segue a avanzar cara un sistema de responsabilidade social corporativa plenamente integrado na xestión xeral da Organización. Neste sentido, durante o exercicio 2019 leváronse a cabo as seguintes accións:

-  **Continúan vixentes os plans directores de RSC bianuais das áreas.**
-  **Unidade de RSC, Igualdade e Cultura Institucional que coordina a implantación de políticas, plans e medidas de igualdade de xénero.**
-  **A ONCE mantense no Pacto Mundial de Nacións Unidas, a maior iniciativa de responsabilidade social corporativa a nivel global.**
-  **O Grupo Social ONCE orienta a súa estratexia global ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible promovidos polo mesmo Pacto Mundial.**

Con moitos aliados no camiño

E, como ocorre nalgunhas outras áreas, o Grupo Social ONCE permanece atento á realidade pola que atravesan as persoas con discapacidade que traballan fora do seu contorno. De aí que conte cun protocolo de apoio e asesoramento ao colectivo de afiliados en casos de discriminación por razón da discapacidade

visual, no ámbito externo á Organización. Actualmente non se ten coñecemento de casos de discriminación.

E como gran parte do noso labor diario xira en torno a unha responsabilidade rotunda coas persoas con discapacidade, temos o compromiso -que realizamos con todo o gusto do mundo- de compartir o coñecemento e os avances naquelas cuestións que poden axudar a outras empresas e organizacións a ser máis responsables e inclusivas que, ao final, constituirán tamén unha mellora das súas capacidades competitivas.

“Fundación ONCE fomenta a dimensión da discapacidade na RSC e Sostibilidade de organizacións, empresas ou Administracións para promover a inclusión social e laboral de persoas con discapacidade”

A Fundación ONCE promove iniciativas que están orientadas a fomentar a dimensión da discapacidade na Responsabilidade Social Corporativa (RSC) e Sostibilidade doutras organizacións, como poden ser as empresas ou as Administracións públicas, co fin último de promover a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade. Neste sentido, cabe salientarse o Foro Inserta Responsable, o Foro da Contratación

Socialmente Responsable (Foro CON R), o Selo Bequal, así como a iniciativa europea Disability Hub Europe, cofinanciada polo Fondo Social Europeo.

Neste ámbito, cabe salientarse en 2019 a participación de Fundación ONCE nas seguintes plataformas ou entidades, tanto nacionais como europeas e internacionais, diferenciando seguidamente entre participacións directas ou indirectas (participación a través doutras entidades).

Entidades nacionais

-  **Comité Español de Representantes das Persoas con Discapacidade (CERMI).**
-  **Foro Xustiza e Discapacidade.**
-  **Real Padroado da Discapacidade.**
-  **Asociación Española de Fundacións (AEF) e Instituto de Análise Estratéxica de Fundacións (INAEF).**
-  **National Advisory Board for Impact Investment (Spain NAB).**
-  **Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES).**
-  **Spainsif (Plataforma de investimento sostible e responsable en España).**
-  **Forética.**

Entidades europeas

-  **Centro Europeo de Fundacións (EFC).**
-  **European Disability Forum (EDF).**
-  **Centro Europeo de Empresas Públicas e de Servizos Públicos (CEEP).**
-  **Plataforma Europea para a Rehabilitación e a Formación Profesional de Persoas con Discapacidade – European Platform for Rehabilitation (EPR).**
-  **Asociación Europea de Provedores de Servizos para Persoas Con Discapacidade (EASPD).**
-  **Instituto Europeo de Deseño Para Todos (EIDD – Design For All Europe).**
-  **Rede Europea para o Turismo Accesible (ENAT).**

Entidades internacionais

- Council On Foundations (COF).
- Consorcio Mundial para a Estandarización da Accesibilidade na Web - World Wide Web Consortium (W3C).
- Programa Membros Afiliados da Organización Mundial do Turismo (OMT).
- International Standard Organization (ISO).
- Global Reporting Initiative (GRI).

Por outra parte, para dar conta cumprida de toda a actividade, en 2018 e 2019 elaboráronse os informes de Estado de Información non Financeira e Diversidade Consolidado de ONCE e tamén da Fundación ONCE (EINF) coa auditoría dunha empresa externa. Ademais, e como exercicio adicional e voluntario de comunicación e transparencia cara os nosos grupos de interese, publicouse o Informe de Valor Compartido e o Informe de Goberno Corporativo.

O Plan de RSC constituíuse ademais nun dos proxectos de excelencia no marco da obtención da certificación EFQM + 500. Elaborouse un sistema de seguimento do Plan Director, coa asignación de medidas ás diferentes áreas, entendéndose a RSC coma un asunto transversal.

En relación coas alianzas no ámbito da RSC e Sostibilidade, producíronse avances importantes con foros e plataformas clave:

- Integración na Xunta Directiva de Spainsif (plataforma española para o Investimento Sostible) e celebración da Xornada “Investimento Temático Sostible”.

- Incorporación a Forética a partir de 2020, como Fundación ONCE, e membro da Comisión do RSE do CERMI de maneira reforzada.
- Fundación ONCE continúa a ser membro de Global Reporting Initiative (GRI).
- A través de Ilunion, membros doutras plataformas de relevancia como o Pacto Mundial das Nacións Unidas; Forética, e a Fundación SERES.
- Igualmente, participase nas comisións de RSE da CEOE e de CEPES, e destaca a presenza no Club de Excelencia en Xestión.

En todos estes foros pónense en valor e difúndense as mellores prácticas e proxectos da Fundación ONCE, como entidade de referencia global en materia de discapacidade.





Cabe salientar tamén durante este exercicio a publicación do estudo “Impacto da inclusión das persoas con discapacidade na reputación das empresas”. E por outro lado, a elaboración e publicación, xunto co CERMI e a Fundación Bequal, do documento “Discapacidade, información non financeira, transparencia e bo goberno”.

A Fundación ONCE mantense situada como unha das Fundacións máis transparentes de España, segundo o ranking da Fundación Compromiso e Transparencia.

Lévanse a cabo colaboracións con múltiples organizacións e entidades desde a perspectiva da transparencia e a reputación (MERCOS, universidades, escolas de negocios, empresas concretas a través de múltiples convenios, etc.), incluíndo tamén gobernos e Administracións públicas no marco das

Relacións Institucionais do Grupo Social ONCE, así como co propio movemento asociativo para difundir a cultura da RSC, Sostibilidade e a Axenda 2030 (coa participación, por exemplo, como relatores principais, nas Xornadas Directivas de FIAPAS do pasado 23 de novembro de 2019 en Madrid).

A Fundación e Selo Bequal e o Foro “CON R” continúan a ser importantes instrumentos para promover a dimensión da discapacidade na estratexia e práctica de organizacións de diferente natureza:

- **Bequal certificou 13 novas empresas e outro tipo de entidades en 2019, sumando un total acumulado de 37 nese ano. Fundación ONCE renovou a súa certificación na categoría Premium.**
- **En canto ao Foro CON R, do que forman parte medio centenar de organizacións, destaca a labor de incidencia no Plan nacional para o pulo da contratación pública socialmente responsable, en favor do cumprimento da cota do 2% e a participación, entre outros eventos, no III Congreso de Contratación Pública “A contratación pública ao servizo das políticas públicas” o 5 de novembro de 2019.**

En resumo, contribución ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas: desde ONCE coa protección dos grupos de consumidores, o fortalecemento do modelo de servizos sociais, o pulo ao xogo responsable, o desenvolvemento profesional e humano do colectivo de traballadores, a igualdade de oportunidades, a ética ou os compromisos co medio ambiente e a transparencia; e desde Fundación ONCE co compromiso co desenvolvemento sostible desde o cumprimento da súa misión social.

E, todo iso, incluído tamén no proxecto de economía inclusiva de Ilunion á hora de contribuír á creación de valor compartido. Para iso, desenvolvéronse diferentes proxectos do Plan Director de RSC e adaptáronse estratexias, pancas e ferramentas co fin de aliñar a actuación da Organización cos compromisos de inclusión, competitividade e sostibilidade, e á contribución aos ODS e á Axenda 2030.

Cultura Institucional

Sería imposible cumprir os obxectivos da Organización relatados anteriormente sen a unidade e cohesión de quen forman parte do Grupo Social ONCE. Todos eles son os mellores embaixadores da marca que se pode encontrar, e velaí que a Cultura Institucional se constituía en ferramenta de sentido de pertenza e o mellor camiño para coñecer e apreciar os valores e principios da Institución.

Contamos cun Plan de Cultura Institucional que se actualiza e que incorpora cada ano novas accións e informacións que axudan a manter, afianzar e modernizar a imaxe do Grupo. E igualmente, sirve de base para os novos empregados e o resto de “stakeholders” da Organización e do conxunto da sociedade en xeral.

Os equipos de dirección e xestión de servizos sociais puxeron en marcha un Plan de Acción de Cultura Institucional para garantir que todo o colectivo de traballadores (especialmente os vinculados á área de servizos sociais) comparten as súas sinais de identidade. No exercicio 2019 manifestouse un gran esforzo levado a cabo por todos os centros na promoción da cultura institucional, evidenciándose entre todos os profesionais un alto nivel de implicación e sentido de pertenza.

Neste sentido, na ONCE levouse a cabo formación con módulos de cultura institucional cun total de 4.918 asistencias. Outra forma clave de manter as alianzas, partindo desde os mesmos traballadores coma máximos expoñentes e embaixadores.

Relacións Institucionais

As relacións institucionais son un elemento imprescindible na promoción dun maior e adecuado coñecemento do Grupo Social ONCE, así como na mellora da interlocución con axentes públicos e privados relevantes.

En colaboración co Comité Español de Representantes das Persoas con Discapacidade (CERMI), o Grupo Social ONCE impulsa e contribúe á articulación do movemento da discapacidade en España.







A estreita colaboración coas distintas organizacións do sector da discapacidade materialízase, por unha banda, a través da presenza das súas principais organizacións no Padroado da Fundación ONCE e, pola outra, coa Fundación ONCE como membro dos órganos de goberno e decisión do CERMI.

Cada ano, a Fundación ONCE destina unha parte moi importante dos seus fondos a financiar numerosas iniciativas de asociacións e entidades do sector da discapacidade, a través das súas convocatorias de proxectos, dirixidas a entidades españolas que desenvolvan unha actividade coincidente coa que leva a cabo a organización, a calquera persoa de nacionalidade española con algunha discapacidade, e, excepcionalmente,

“Fundación ONCE destina unha parte importante dos seus fondos a financiar iniciativas de asociacións e entidades do sector da discapacidade”

a persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade distinta á española.

Entre as accións realizadas neste período destacan:

-  **Colaboración co Consello de Consumidores e Usuarios, con quen se presentou o cupón dedicado ao Día Mundial dos Dereitos dos Consumidores.**
-  **Colaboración coa Confederación Española de Cooperativas de Consumidores e Usuarios (Hispacoop), con quen se levou a cabo o proxecto “Uso e consumo responsable no xogo e nas apostas”.**
-  **No marco do Convenio co Ministerio de Defensa, continuouse a participar nos plans de formación e especialización da Unidade Militar de Emerxencias (UME). Tamén se dedicou un cupón ao 30 Aniversario das Misións de Paz, que se presentou coa presenza da Ministra de Defensa.**
-  **Na nosa colaboración coa Policía Nacional, salienta a presentación do conto “Pablo García, Policía” e a dedicación dun cupón conmemorativo do 40 Aniversario da incorporación da muller ao Corpo Nacional de Policía.**
-  **Dentro dos convenios coas organizacións de maiores, CEOMA e UDP, salienta a colección de cupóns “Falando en Senior” que se emitiu con motivo do Día Internacional das Persoas Maiores.**
-  **No marco do convenio de colaboración asinado con Fundación RAIS-Hogar SI, temos participado no proxecto de investigación sobre “Mellora do acceso á certificación e ao sistema de protección das persoas con discapacidade en situación de sen fogar”.**

Coa Editorial Lefebvre-El Derecho finalizouse a elaboración da obra “Memento Persoas con Discapacidade”.

No ámbito das relacións laborais realizouse un conxunto de actividades coas dúas principais plataformas empresariais CEPYME e CEOE, así como coas organizacións sindicais prioritarias, UGT e CCOO, a fin, con estes últimos, de explorar retos e solucións á discapacidade sobrevida e a incorporación da dimensión da discapacidade na negociación colectiva.

A Fundación ONCE, como referente do sector fundacional, contribúe activamente no marco da Asociación Española de Fundacións (AEF) a través do Grupo Sectorial de Fundacións de Inclusión, a través do INAEF, e participando un ano máis, entre outras, na terceira edición do DEMOS, edición que contou coa participación de máis de 80 relatores e 700 asistentes onde, entre outros, se puxo en valor o papel das Fundacións no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Así mesmo, no contexto das relacións sociais co terceiro sector, convén salienta o apoio, desde un enfoque de consultoría estratéxica, ao movemento asociativo de enfermidades raras (FEDER) que culminou na elaboración do segundo plan estratéxico da entidade.

Continuamos a traballar no proceso de intercooperación con entidades afíns á economía social liderado por Fundación ONCE; na sede do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e en presenza do Ministro, Luís Planas, firmamos un convenio coa Federación Nacional de Confrarías de Pescadores para, entre outros, traballar en conxunto pola inclusión laboral e formación e a accesibilidade dese sector.

Ademais, emitíronse unha serie de 4 cupóns para fomentar o consumo saudable de peixe. Así mesmo, no marco do Convenio firmado con Fundación ASISA, entregamos 12 cofres con contos infantís que foron destinados á área de pediatría dos hospitais do Grupo HLA co obxectivo, ademais de incentivar a lectura entre os máis pequenos e amenizar a súa estadía nos centros hospitalarios, sensibilizalos sobre as distintas discapacidades e fomentar valores como a inclusión, a diversidade e a superación.

A nivel empresarial, salientar a potenciación do noso partenariado con Microsoft para fomentar a accesibilidade das novas tecnoloxías e o emprego nese sector.

Seguimos a dar apoio ao Observatorio de Innovación, Análise e Cambio Social do Consello Xeral da ONCE, a través do que, en 2019, temos celebrado 2 Foros de Reflexión sobre “A Educación, unha materia pendente: panorama actual e perspectiva” e “Novas formas de comunicación: a pos-verdade, fake news e

temas conexas” con relatores de excepción. Así mesmo, temos aportado os distintos mapas de actualidade, que recompilan o estado de situación de estudos das diferentes áreas executivas do Grupo Social ONCE, así coma noticias e publicacións de interese, tanto internas como externas, aliñadas co propósito do Observatorio.

No marco de estudos estratéxicos, impulsouse e elaborouse un estudo relativo ás alternativas á actual tributación das prestacións derivadas de plans de pensións para persoas con discapacidade.





7

IGUAIS cara un futuro de sostibilidade social

O arranque deste Informe de Valor Compartido Grupo Social ONCE 2019 conta cunha sentida carta do presidente da ONCE, Miguel Carballada, quen escribe esas liñas desde o confinamento que en España e gran parte do mundo supuxo a crise da Covid-19, e que marcou o 2020 desde mediados de marzo e, sen dúbida, será un antes e un despois na historia da humanidade e das Organizacións, e a ONCE non va a ser unha excepción.

Ao pechar estas liñas, os vendedores da ONCE, 19.000 persoas con discapacidade cheas de ilusión, volven ás rúas despois de tres meses nas súas casas e despois de que, por primeira vez na historia da Organización, se paralizaran os tradicionais sorteos do cupón. A incerteza de futuro é grande, pero o compromiso da ONCE e das súas xentes é aínda maior.

De feito, o presidente da ONCE, Miguel Carballada, compareceu o 2 de xuño de 2020 no Congreso dos Deputados, convocado como representante da sociedade civil, para aportar o noso gran de area e as nosas ideas na Comisión para a Reconstrución Social e Económica.

Ante os Deputados, pediu un gran acordo, un gran pacto de unidade entre todas as forzas políticas, económicas e

sociais para a reconstrución do país tras a pandemia, que debe se basear, especialmente, no emprego. “Pelexemos por acadar os vinte millóns de persoas traballando; iso será o mellor e non falaremos entón de paro”, dixo entón, como idea de futuro, para centrar o esforzo do país en catro aspectos: o emprego como centro da acción; a educación inclusiva; a contratación socialmente responsable por parte de empresas e Administracións; e a accesibilidade como clave de que todo iso sexa posible, especialmente para as persoas con discapacidade.

E lanzou algúns compromisos da ONCE para o 2020, para a etapa tralo confinamento, que resumimos en dous moi destacados: o Grupo Social ONCE abrirá novas sedes en Soria, Teruel, Zamora, Ávila e a illa da Palma, iso que se deu en chamar a “España vaciada”; e estarán dirixidas por mulleres cegas perfectamente formadas para iso; e, desde os 73.000 traballadores e traballadoras con que se pechou 2019, o Grupo Social ONCE tratará de acadar os 75.000 en 2020, a pesar da dura realidade acaecida, coa habitual énfase nas persoas con discapacidade.

E, todo iso, a pesar de que os ambiciosos plans de xogo e sociais (ligados á boa evolución dos últimos exercicios) se viron truncados coa declaración polo Goberno da Nación

do Estado de Alarma Sanitario en todo o Estado Español, para a xestión da situación de crise sanitaria xerada polo coronavirus COVID-19. Tras tres meses de parón obrigado e absoluto, a actividade arranca con toda a forza posible, despois dunhas semanas nas que o Grupo Social ONCE se centrou completamente na protección dos seus traballadores e traballadoras, dos seus afiliados e da sociedade en xeral.

E, ao retomar a actividade, enfrontámonos a decisións difíciles, se ben a nosa intención e obriga –xa citada– é salvagardar ao máximo o emprego, que no noso caso non é un medio para lograr ingresos, senón un fin en si mesmo, un obxectivo, o de dar traballo á maior cantidade posible de persoas con discapacidade, xerando novas oportunidades de vida.

Por iso, os obxectivos nacen da aprendizaxe destes días difíciles e existe un que nos fará sempre máis fortes: seguiremos apostando pola formación continua do cadro de persoal tanto en habilidades como en competencias, priorizando e impulsando a utilización do noso Campus Virtual e doutras plataformas telemáticas accesibles que permitan unha formación a distancia de calidade, unha garantía de futuro.

Nesa liña, Fundación ONCE axeitara o seu Plan de Actuación, que foi aprobado no último padroado de 2019, á nova realidade provocada pola loita contra o Coronavirus, e centrará os seus esforzos en:

-  **Consolidación do programa Por Talento Dixital.**
-  **Reforzamento do programa Por Talento Emprende.**

Co obxectivo de ser referente no apoio das persoas con discapacidade na formación superior:

- Posta en marcha de Rede Alumni de persoas novas con discapacidade que recibiron unha bolsa da Fundación ONCE.
- Programa de Bolsas de Idiomas.
- Programa de Bolsas Oportunidade ao Talento.
- Programa de Bolsas Laborais CRUE/ Fundación ONCE.

Posta en marcha da plataforma online ‘Accesibilitas’, que debe ser referente nacional proporcionando soporte formativo e informativo en materia de accesibilidade universal.

Implementación do Camiño de Santiago Accesible

Formación en materia de Accesibilidade a través de MOOC.

Pulo do Emprendemento Social que teña un impacto na mellora da calidade de vida de persoas con discapacidade.

Promover a innovación a través da Intelixencia Artificial.

Posta en marcha dun Plan de Consolidación para a Captación de Fondos.

Pulo e desenvolvemento do novo Plan Estratégico de Voluntariado.

Fortalecemento da alianza co Fondo Social Europeo, coa xestión excelente de programas Poises e Poelj.

Mentres que, en Ilunion, os seus obxectivos principais para 2020 son:

- Fomento do crecemento en número e porcentaxe de traballadores con discapacidade no cadro de persoal.
- Desenvolvemento do Plan de Diversidade e igualdade coa transversalidade da discapacidade.
- Contribución á posición de Ilunion como modelo social de inclusión e rendibilidade económica. Ser un referente en diversidade e inclusión.
- Fomentar a contratación de persoas con especiais dificultades de inserción en todas as compañías.
- A transformación non é opción, é unha obriga, e seguiremos avanzando na transformación dixital e dos nosos negocios.
- Análise da satisfacción do cliente en Ilunion e definición dun proxecto que inclúa a Experiencia en Cliente como pilar fundamental de Transformación.
- Aposta continua pola excelencia, é o único camiño.
- Definición da Folla de Ruta de Excelencia 2020-2022 do noso centro corporativo, a partir da Avaliación EFQM realizada en febreiro de 2020.
- Consolidación dunha área corporativa renovada, competitiva, moderna, rendible e referente tanto cara os negocios como cara o mercado, contribuíndo a ser embaixadora dos valores de Ilunion.
- Para finais de 2020 teranse posto en marcha todos os proxectos de RSC: Gobernanza, Compromiso Ambiental, Dereitos Humanos e Reporting.
- Avanzaremos na definición do proxecto Ilunion Lab e do proxecto Acción Social e Voluntariado con motivo da celebración do World Blindness Summit.
- Desenvolveremos o proxecto Economía Inclusiva, un paso adiante na posición pública de Ilunion no mapa da sostibilidade en España.



Un informe con fundamento

Para a elaboración deste Resumo Executivo Integrado, tivéronse en consideración os Estados de Información Non Financeira e Diversidade que elaboran por separado e realizan as tres áreas executivas do Grupo Social ONCE (ONCE, Fundación ONCE e Ilunion), con toda a información máis detallada das súas accións, que se unifican neste resumo.

Todos os estados están verificados, cun informe sen eivas, e foron elaborados de acordo co disposto na Lei 11/2018, de 28 de decembro en materia de información non financeira e diversidade e conforme ás directrices da Guía para a elaboración de memorias de sostibilidade de Global Reporting initiative.

Esta guía de reporte non financeiro require da elaboración dunha análise previa de materialidade que pon de releve aqueles aspectos de natureza económica, social e ambiental relevantes para a Organización e que poden influír na toma de decisións dos seus grupos de interese.

As tres áreas executivas da Organización recibiron o selo de conformidade da organización, que acredita que a información contida en cada un dos informes recolle os aspectos definidos como relevantes para a organización no estudo de materialidade.

Para máis información sobre o compromiso coa responsabilidade social do Grupo Social ONCE poden consultarse tamén estes estados xunto cos seus informes de verificación en www.once.es, www.fundaciononce.es e www.ilunion.es.





iguais

Para hoxe. Para mañá.



grupo social **ONCE**

